



terraetempo  
dixital galego de pensamento nacionalista

CPN

Cadernos de  
Pensamento  
Nacionalista

4

Fred Magdoff e John Bellamy Foster

# O que os ecoloxistas precisan **coñecer** respecto do **Capitalismo**

Fundación  
**Bautista Álvarez**  
de Estudos Nacionalistas



[www.terraetempo.com](http://www.terraetempo.com)



# O que os Ecoloxistas precisan coñecer respecto do Capitalismo

Fred Magdoff e John Bellamy Foster

MONTHLY REVIEW

Marzo, 2010

Trad. Xosé Díaz Díaz

Para os que estean interesados co destino da terra, chegou o momento de enfrontarse aos feitos: non é simplemente a realidade horrenda do cambio climático senón, asemade, a necesidade apremante de mudar o sistema social. O fracaso en alcanzar un acordo sobre o clima mundial en Copenhagen en decembro de 2009 non foi simplemente unha abdicación de liderado mundial, coma a miúdo se suxire, senón que tivo raiceiras máis profundas na incapacidade do sistema capitalista para abordar a ameaza acelerada da vida no planeta. Por tanto, o coñecemento da natureza e dos límites do capitalismo, e os medios cara o superar, téñense convertido nunha cuestión de supervivencia. Con palabras de Fidel Castro en decembro de 2009: *“Até moi recentemente, a discusión [sobre o futuro da sociedade mundial] referíase á clase de sociedade que teríamos. Hoxe, a discusión céntrase en si a sociedade humana sobrevivirá<sup>1</sup>”*.

## IA CRISE ECOLÓXICA PLANETARIA

Existe unha evidencia abundosa de que os humanos causaron un dano medio ambiental ao longo de milenios. Os problemas da deforestación, a erosión do solo e a salinidade dos solos de regadío remóntanse á antigüidade. Platón escribía no *Critias*: *“Entón que probas podemos ofrecer de que ela [a terra nas proximidades de Atenas] é ... agora un mero resto do que foi unha vez? ... Vostede queda (coma no caso das illas pequenas) con algo máis parecido ao esqueleto dun corpo botado a perder pola enfermidade; todo o solo rico, brando, escapouse deixando a terra nada mais ca pel e os ósos. Mais en aqueles tempos o dano non*

*se tiña producido, os outeiros tiñan cumios elevados, o plano rochoso de Phelleus estaba cuberto con solo rico e as montañas estaban cubertas de bosques tupidos, dos que hoxe existen algunhas pegadas. Pois algunhas montañas que hoxe só manterán abellas produciron non fai tanto tempo árbores que unha vez cortados provían traves para os grandes edificios cuxos tellados estaban inda pendentes. E existían moitos árbores altos cultivados que daban forraxe en cantidades ilimitadas para as bestas. O solo beneficiábase das chuvias anuais que non se desperdiciaban polas terras sen vexetación coma acontece hoxe, senón que se absorbía en grandes cantidades e se almacenaba en estratos retentivos de arxila, de tal maneira que era bebida dun trago polas rexións máis elevadas fluíndo cara embaixo aos vales e aparecendo por todas as partes nunha multitude de ríos e mananciais. E os altares que aínda sobreviven a eses antigos mananciais son a proba da verdade do noso presente en relación ao país<sup>2</sup>”*.

O que é diferente na nosa era é que existimos moitos máis de nós habitando a maioría da terra, dispomos de tecnoloxías que poden causar un dano moito maior e facelo máis rapidamente, e temos un sistema económico que non coñece fronteiras. O dano que se está a facer está tan estendido que non degrada soamente os sistemas ecolóxicos locais e rexionais, senón que afecta ao medio ambiente planetario.

Existen moitas razóns sólidas para que nós, xunto con moitos outras persoas, esteamos preocupados en relación coa rápida degradación do medio ambiente terrestre. O quecemento global, causado polo incre-

*“Até moi recentemente, a discusión [sobre o futuro da sociedade mundial] referíase á clase de sociedade que teríamos. Hoxe, a discusión céntrase en si a sociedade humana sobrevivirá”*

<sup>1</sup> Fidel Castro Ruz, 'A verdade do que aconteceu no cumio', 19 de decembro de 2009, <http://monthlyreview.org>

<sup>2</sup> Platón, *Timeo e Critias* (Londres: Penguin, 1977), 133-34.

mento inducido polos humanos na emisión de gases de efecto invernadoiro (CO<sub>2</sub>, metano, N<sub>2</sub>O, etc.), é agora probábel nun grao ascendente que estea nun proceso de desestabilización do clima mundial, con efectos horrorendos para a maioría das especies do planeta e para a humanidade mesma. Cada década é máis quente ca anterior, co ano 2009 igualando co segundo ano máis cálido (2005 foi o ano máis cálido) nos 130 anos nos que existe un instrumental para rexistrar as temperaturas globais<sup>3</sup>. O cambio climático non acontece dunha maneira gradual, liñar, senón non liñar, con toda caste de retroaccións amplificadoras e puntos de retroceso. Existen xa indicacións nidas dunha aceleración dos problemas que temos por diante de nós. Que inclúen:

- O derretemento do xeo do océano Ártico durante o verán, o que diminúe a reflexión da luz solar cando o xeo branco é reempazado polo océano escuro, e por iso realzando o quecemento global. Os satélites mostraron que, a fins do verán, o xeo do mar Ártico era un 40 por cento inferior no ano 2007 que ao rematar os anos setenta do século pasado cando comezaron as medidas precisas<sup>4</sup>.
- A desintegración final das follas de xeo de Groenlandia e o Antártico, postas en movemento polo quecemento global, e dando como resultado a elevación dos niveis do océano. Mesmo unha subida do nivel mariño en 1-2 metros debería resultar desastroso para centos de millóns de persoas de países baixos sobre o nivel do mar como Bangladés e Vietnam e diferentes estados insulares. Unha subida do nivel do mar a unha taxa duns poucos metros por século non é infrecuente no rexistro paleoclimático, e por tanto, debería ser considerada como posíbel, dadas as tendencias existentes de quecemento global. Actualmente, máis de 400 millóns de persoas viven dentro de 5 metros sobre o nivel do mar, e máis de mil millóns dentro dos 25 metros<sup>5</sup>.
- A rápida diminución dos glaciares das montañas do mundo, moitos dos cales, se as emisións de gases de efecto invernadoiro continúan ao seu ritmo coma se non pasara nada, poderían desaparecer en grande parte (ou desaparecer por completo) ao longo deste século. Os estudos demostran co 90 por cento dos glaciares de montaña en todo o mundo están xa retrocedendo visibelmente a medida co planeta eleva o seu quecemento. Os glaciares do Himalaia provén auga nas estacións secas a países asiáticos con miles de millóns de persoas. A súa diminución conducirá a torrentes e a escaseza aguda de auga. Xa o derretemento dos glaciares andinos está contribuíndo a inundacións nesa rexión. Mais o problema máis inmediato, actual e de longo prazo, asociado coa desaparición dos glaciares, visíbel hoxe en Bolivia e no Perú, é o que ten a

ver coa escaseza de auga<sup>6</sup>.

- Secas devastadoras, estendéndose posibelmente ao 70 por cento da área terrestre dentro dunhas poucas décadas de seguir as cousas así, xa comezan a se facer evidentes no norte da India, no nordeste africano e en Australia<sup>7</sup>.
- Niveis máis elevados de CO<sub>2</sub> na atmosfera poden incrementar a produción de determinados tipos de cultivos, mais poden ser danados logo pola desestabilización do clima que provoca situacións ora secas, ora moi húmidas. Xa se teñen medido perdas nos rendementos do arroz en determinadas partes do sureste asiático, atribuídas as temperaturas nocturnas máis elevadas que provocan que as plantas experimenten unha respiración nocturna aumentada. Isto significa perder máis do que se produciu por medio da fotosíntese ao longo do día<sup>8</sup>.
- A extinción de especies por mor das mudanzas nas zonas de clima que son demasiado rápidas para que as especies se trasladen ou adapten a elas, levando ao colapso de ecosistemas completos dependentes destas especies, e a morte de aínda máis especies. (Ver abaixo para un maior detalle sobre a extinción de especies)<sup>9</sup>.
- Relacionada co quecemento global, a acidificación oceánica por causa dunha absorción maior de carbono está ameazando o colapso dos ecosistemas mariños. Indicacións recentes suxiren que a acidificación dos océanos pode, a súa vez, reducir a eficiencia dos océanos na absorción do carbono. Isto significa un acrecentamento potencialmente máis rápido de dióxido de carbono na atmosfera, acelerando o quecemento global<sup>10</sup>.

Aínda cando o cambio climático e as súas consecuencias, xunto co seu “mal xemelgo” de acidificación dos océanos (asemade causada polas emisións de carbono), representan de lonxe as ameazas máis graves para as especies da terra, incluídos os humanos, existen tamén outras cuestións medioambientais serias. Entre elas hai que incluír a contaminación do ar e das augas

*Aínda cando o cambio climático e as súas consecuencias, xunto co seu «mal xemelgo» de acidificación dos océanos (asemade causada polas emisións de carbono), representan de lonxe as ameazas máis graves para as especies da terra, incluídos os humanos, existen tamén outras cuestións medioambientais serias.*

3 James Hansen, Reto Ruedy, Makiko Sato e Ken Lo, 'Se está quentándose, cómo ven tan condenadamente frío?', <http://columbia.edu/~jeh1/>.

4 Hansen, *Escándalos do meu neto*, (New York: Bloomsbury, 2009), 164.

5 Hansen, *Escándalos do meu Neto* 82-85; Richard S.J. Tol, et al., 'Adaptación a cinco metros de subida do nivel do mar', *Journal of Risk Research*, nº 5 (xullo 2006), 469.

6 Servicio de inspección dos glaciares do mundo/Programa de medio ambiente da ONU, *Cambio nos Glaciares globais: feitos e cifras* (2008), <http://grid.unep.ch/glaciers/>; Baiqing Xu, et al., 'Teluxe negro e supervivencia dos glaciares tibetanos', *Proceeding of the National Academy of Sciences*, 8 de decembro de 2009, <http://pnas.org>; Carolyn Kormann, 'A retirada dos glaciares andinos presaxia desgrazas de auga', *Environment* 360, <http://e360.yale.edu/>;

David Biello, 'O cambio Climático está liberando de xeo a cadea de montañas tropicais do mundo', *Scientific American Observations*, 15 de decembro de 2009, <http://scientificamerican.com>; Unión de Científicos Preocupados, 'Inconformistas atacan o IPCC sobre as achádegos sobre os glaciais, mais os glaciais están aínda derreténdose', 19 de xaneiro de 2010, [ucusa.org](http://ucusa.org).

7 Axencia France Press (AFP), 'A ONU advisa dun 70 por cento de desertificación polo 2025', 4 de outubro de 2005.

8 Shaohong Peng, et al., 'Os eidos de arroz declinan coas temperaturas nocturnas máis elevadas polo quecemento global', *Proceedings of the National Academy of Sciences* 101 nº 27 (2005), 9971-75.

9 James Hansen, 'Estratexias cara abordaren o quecemento global' (13 de xullo de 2009), <http://columbia.edu>; Hansen, *Escándalos do meu neto*, 145-47.

10 'Mares do Ártico volvense ácidos, poñendo a cadea alimentaria vital en perigo', *Guardian*, 4 de outubro de 2009; O Instituto da Terra, Universidade de Columbia, 'A aceptación polos océanos de carbono sintético pode estar diminuindo', 18 de novembro de 2009, <http://earth.columbia.edu>; 'Os mares fanse menos eficaces na absorción das emisións', *New York Times*, 19 de novembro de 2009; S. Khaitwal, F. Primeau e T. Hall, 'Reconstrución da historia das concentracións antropoxénicas de CO<sub>2</sub> no océano', *Nature* 462, nº 9 (novembro 2009), 346-50.

de superficie con contaminantes industriais. Algúns destes contaminantes (o mercurio metal, por exemplo) ascenden polas chemineas de fume para máis tarde caer e contaminar o solo e a auga, mentres que outros son lixiviados nas augas de superficie desde as instalacións de almacenamento de residuos. Moitos peixes de auga doce e salgada son contaminados polo mercurio así como tamén por outros moitos produtos químicos orgánicos industriais. Os océanos conteñen grandes “illas” de lixo, *“lámpadas, tapóns de botellas, cepillos de limpeza dos dentes, paus de polos de xeo e diminutas pezas de plástico, cada unha do tamaño dun grao de arroz, habitan a mancha de lixo do Pacífico, unha área de lixo amplamente dispersa que dobra o seu tamaño cada década e crece agora que sexa aproximadamente dúas veces o tamaño de Texas”*<sup>11</sup>.

Nos Estados Unidos, a auga potábel utilizada por millóns de persoas está contaminada con pesticidas como a atrazina, así como nitratos e outros contaminantes da agricultura industrial. Os bosques tropicais, as áreas da máxima biodiversidade terrestre, están sendo destruídos a un ritmo rápido. A terra estase adaptando para as plantacións de aceite de palma no sueste asiático, aceite que logo se exporta como materia prima para a fabricación de combustíbeis de tipo biodiesel. No sur de América, os bosques tropicais (suxeitos a grandes chuvias), normalmente, se converten primeiro en pastos extensivos e máis logo se utilizan para os cultivos de exportación coma, por exemplo, as soias. Esta deforestación está provocando ao redor do 25 por cento de todas as emisións de CO<sub>2</sub> inducidas polos humanos<sup>12</sup>. A degradación do solo por erosión, pastoreo excesivo e a falta de retorno de materia orgánica, ameaza a produtividade de grandes áreas das terras agrícolas mundiais.

Todos estamos contaminados por unha variedade de produtos químicos. Unha investigación recente sobre a presenza de 62 produtos químicos na sangue e na urina de 20 médicos e enfermeiros, na súa maior parte produtos químicos orgánicos como igniretardantes e plastificantes, atopou que

*“cada participante tiña polo menos 24 produtos químicos individuais no seu corpo, e a dous participantes detectáronse un máximo de 39 produtos químicos ... Todos os participantes tiñan bisfenol A [utilizado para fabricar plásticos policarbonados rixidos utilizados nas botellas refrixeradoras de auga, nas botellas para meniños da teta, no revestimento da maioría dos envases metálicos de alimentos, e presente nos alimentos que conteñen eses envases, nos aparellos de cociña, etc.] e algunha forma de fialatos [atopados en moitos produtos de consumo, como as espumas para o cabelo, cosméticos, produtos plásticos e nos produtos para protexeren e embeleceren a madeira], os PBDEs [polibromofenil éteres utilizados como igni-*

*retardantes en computadores, mobiliario, colchóns e equipamento médico] e os PFCs [compuestos perfluorados utilizados en tixolas anti-adherentes, revestimentos protectores de moquetas, revestimentos de papel, etc.]”*<sup>13</sup>.

Aínda cos médicos e enfermeiros están expostos rutinariamente a maior cantidade de produtos químicos co público en xeral, todos estamos expostos a estes e a outros produtos químicos que non pertencen aos nosos corpos, e que a maior parte das veces teñen efectos negativos sobre a saúde humana. Dos 84.000 produtos químicos de uso comercial nos EEUU, non temos aínda idea respecto da composición e potencial perniciosidade do 20 por cento (preto de 20.000); a súa composición entra na categoría de “secretos comerciais” e é negada legalmente<sup>14</sup>.

As especies están desaparecendo a un ritmo acelerado a medida que se destrúen os seus hábitats, por mor, non só do quecemento global senón, asemade, do impacto directo humano sobre eses hábitats. Unha investigación recente estima que ao redor de 17.000 animais e plantas están en perigo de extinción. *“Máis de un de cada cinco de todos os mamíferos coñecidos, preto de 1/4 dos réptiles e o 70 por cento das plantas, segundo esta investigación están baixo ameaza, investigación que presentaba ao redor de 2.800 especies novas en comparanza co ano 2008. ‘Estes resultados son simplemente a punta do iceberg’, dixo Craig Hilton-Taylor, quen dirixiu a lista. E así mesmo que bastantes máis especies que aínda non foran investigadas poderían estar tamén baixo ameaza”*<sup>15</sup>. A medida que as especies desaparecen, os ecosistemas que dependen no seu funcionamento dunha multitude de especies comezan a se degradar. Unha das moitas consecuencias dos ecosistemas degradados con menos especies parece ser una maior transmisión de enfermidades infecciosas<sup>16</sup>.

Está fóra de debate que a ecoloxía da terra e os sistemas de soporte da vida mesma, dos que dependemos tanto os humanos coma outras especies, está baixo un ataque sostido e grave polas actividades humanas. Está tamén claro que os efectos de continuaren por este mesmo sendeiro serán devastadores. Coma manifestou James Hansen, director do Instituto Goddard da NASA, e un dos climatólogos máis famosos do mundo: *“O Planeta terra. a creación, o mundo no que se desenvolveu a civilización, o mundo cos modelos de clima que coñecemos e con liñas de costa estábeis, está nun perigo inminente ... A conclusión alarmante consiste en que a explotación continuada de todos os combustíbeis fósiles da Terra ameaza non só a outros millóns*

13 Bobbi Chase Wilding, Kathy Curtis, Kirsten Welker-Hood, 2009. *Productos químicos perigosos para a saúde: retrato dos produtos químicos en médicos e enfermeiros*, Médicos pola Responsabilidade Social, <http://psr.org>.

14 Lyndsey Layton, ‘O uso de produtos químicos potencialmente daninos mantense segredo por lei’, *Washington Post*, 4 de xaneiro de 2010.

15 Frank Jordans, ‘17.000 especies ameazadas de extinción’, *Associated Press*, 3 de novembro de 2009.

16 Monitra Pongsiri, et al., ‘A perda da biodiversidade afecta a enfermidade global ecolóxica’, *Bioscience* 59, nº 11 (2009), 945-54.

**Está fóra de debate que a ecoloxía da terra e os sistemas de soporte da vida mesma, dos que dependemos tanto os humanos coma outras especies, está baixo un ataque sostido e grave polas actividades humanas. Está tamén claro que os efectos de continuaren por este mesmo sendeiro serán devastadores.**

11 Lindsey Hoshaw, ‘A flote no océano, expansión das illas de lixo’, *New York Times*, 10 de novembro de 2009.

12 Organización da ONU sobre a Alimentación e a Agricultura, <http://fao.org>.

de especies sobre o planeta senón tamén a supervivencia da humanidade mesma, e o calendario é máis corto do que pensamos<sup>17</sup>". Ademais, o problema non comeza e termina cos combustíbeis fósiles senón que se estende á interacción humana total co medio ambiente.

Un dos desenvolvementos últimos, máis importantes, da ciencia ecolóxica é o concepto de "límites planetarios", téndose deseñado nove límites/soleiras críticos relacionados con: (1) o cambio climático; (2) a acidificación dos océanos; (3) o esgotamento do ozono troposférico; (4) o límite de fluxo bio-xeo-químico (o ciclo do nitróxeno e os ciclos do fósforo); (5) a utilización global de auga potábel; (6) a mudanza nos usos da terra; (7) a perda de biodiversidade; (8) a carga de aerosois atmosféricos; (9) a contaminación química. Cada un destes límites considérase esencial cara manter o clima relativamente benigno e as condicións medio ambientais que teñen existido ao longo dos últimos 12.000 anos (a época holocena). Os límites sustentábeis en tres destes sistemas, o cambio climático, a biodiversidade e a interferencia humana co ciclo de nitróxeno, puideron xa terse superado<sup>18</sup>.

## II. OS PUNTOS EN COMÚN: SUPEAR A SITUACIÓN DE COMO SE NON PASARA NADA

Estamos firmemente de acordo con moitos ecoloxistas que teñen concluído que o continuar "coma se nada acontecera" implica o camiño cara o desastre global. Moitas persoas determinaron que, para limitar a pegada ecolóxica dos seres humanos sobre a terra, precisamos dispor dunha economía, particularmente nos países ricos, que non medre, de maneira de se faceren posíbel o deter e posibelmente inverter o incremento das emisións de contaminantes, así como conservaren os recursos non renovábeis e facer un uso máis racional dos recursos renovábeis. Algúns ecoloxistas están preocupados de que si a produción mundial mantén a súa senda ascendente e todos os países en desenvolvemento buscan obter o nivel de vida dos estados capitalistas ricos, non só a polución continuará incrementándose por fóra do que o sistema terráqueo poda absorber, senón que tamén se esgotarán os limitados recursos non renovábeis do planeta. *Os Límites ao Crecemento* de Donella Meadows, Jorgen Randers, Dennis Meadows e William Behrens, publicado en 1972 e actualizado no ano 2004 como *Límites ao Crecemento: Actualización 30 anos logo*, é un exemplo de preocupación por esta temática<sup>19</sup>. É claro que existen límites biosféricos e co planeta non pode soportar os preto de 7.000 millóns de persoas que xa

17 James Hansen, *Escádalos do meu neto*, ix.

18 Johan Rockström, et al., 'Un espazo de operación segura para a humanidade', *Nature*, 461 (24 de setembro de 2009), 472-75.

19 Donella H. Meadows, Dennis L. Meadows, Jorgen Randers e William W. Behrens, *Os límites do crecemento: Proxecto de Informe para o Club de Roma sobre o apreto da humanidade* (New York: Universe Books, 1972); Donella H. Meadows, Jorgen Randers e Dennis L. Meadows, *Os límites do crecemento: actualización 30 anos logo* (White River Junction, VT: Chelsea Green Publishing Company, 2004).

o habitan (nin, por suposto, os 9.000 proxeitados para mediados deste século) con iso que se chama o nivel de vida "da clase media" occidental. O Instituto Worldwatch estimou recentemente que un mundo que utilizase unha biocapacidade per cápita do nivel dos EEUU actuais podería soportar unicamente unha poboación de 1.400 millóns de persoas<sup>20</sup>. O problema principal, primario, é ben antigo e non atinxe a quen non teñen suficiente para un estándar de vida decente, senón máis ben a aqueles para os que o suficiente non existe. Coma dixo Epicuro: "*Nada é suficiente para os que suficiente é pouco*"<sup>21</sup>. Un sistema social global organizado sobre a base "suficiente é pouco" está obrigado finalmente a destruíren todo ao seu arredor e tamén así mesmo.

Moitas persoas son conscientes da necesidade de xustiza social para resolver este problema, especialmente porque tantos dos pobres que están vivindo baixo condicións perigosamente inseguras, teñen sido particularmente golpeados con dureza polo desastre medio ambiental e a degradación, e auguran ser as vítimas principais de permitiren que as tendencias actuais segan o seu curso. É claro que preto da metade da humanidade, ao redor de 3.000 millóns de persoas, que viven en condicións de pobreza profunda e subsisten con menos de 2,50\$ diarios, precisan de ter acceso aos requisitos dunha existencia humana básica tais coma unha vivenda digna, un subministro de comida asegurado, auga limpa e coidados médicos. Estamos de acordo incondicionalmente con todas estas preocupacións<sup>22</sup>.

Algúns ecoloxistas pensan que é posíbel resolver a maioría dos nosos problemas xogando co noso sistema económico, introducindo unha eficiencia enerxética maior e substituíndo os combustíbeis fósiles por fontes enerxéticas "verdes", ou suxerindo tecnoloxías para mellorar os problemas (por exemplo, utilizar a captura do CO<sub>2</sub> emitido polas centrais eléctricas e inxectalo nas profundidades da terra). Existe un movemento cara prácticas "verdes" que se utilizan coma ferramentas de mercadotecnia ou para non quedar atrás doutras compañías que reivindican o uso desas prácticas. Non embargante, dentro do movemento ecoloxista, existen algúns para os que está claro que os simples axustes técnicos no sistema produtivo actual non serán suficientes para resolver os problemas dramáticos e potencialmente catastróficos aos que nos enfrontamos.

Curtis White comeza o seu artigo do ano 2009 en *Orion*, titulado "O Corazón Bárbaro: O Capitalismo e a Crise da Natureza", con: "*Existe unha cuestión fundamental cos ecoloxistas non parecen moi hábiles en preguntar, e moito menos en contestar: 'Por qué acontece*

20 Erik Assadourian, 'Ascenso e caída das culturas do consumidor', en Instituto Worldwatch, *Estado do Mundo 2010* (New York: W.W. Norton, 2010), 6.

21 Epicuro, 'A Colección Vaticana', *O lector de Epicuro* (Indianapolis: Haskett, 1994), 39.

22 'Feitos e Estatísticas sobre a Pobreza, cuestións globais', <http://globalissues.org>.

*Téñense deseñados límites/soleiras críticos en relación co cambio climático, a acidificación dos océanos, o esgotamento do ozono troposférico, o fluxo bio-xeo-químico (ciclo de nitróxeno e ciclos do fósforo), a utilización global da auga potábel, a mudanza nos usos da terra, a perda de biodiversidade, a carga dos aerosois atmosféricos e a contaminación química.*

*isto, a destrución do mundo natural?*<sup>23</sup>”. É imposible atopar solucións reais e duradeiras até que sexamos capaces de responder satisfactoriamente a esta aparentemente simple cuestión.

A nosa argumentación consiste en que a maioría dos problemas medio ambientais críticos que padecemos ou ben son causados, ou ben son empeorados, polo funcionamento do noso sistema económico. Mesmo cuestións coma o medre da poboación e a tecnoloxía son mirados de maneira máis conveniente en termos da súa relación coa organización socioeconómica da sociedade. Os problemas medio ambientais non son o resultado da ignorancia humana ou da avaricia innata. Non xorden porque os executivos das grandes corporacións individuais ou os promotores inmobiliarios sexan moralmente deficientes. Na vez disto, buscamos as explicacións no funcionamento esencial do sistema económico (e político/social). É precisamente o feito de que a destrución ecolóxica estea incorporada na natureza e lóxica interna do noso presente sistema de produción o que leva a que sexa tan difícil de resolver.

A maiores, argumentaremos que as “solucións” propostas contra da devastación medio ambiental, o que permitiría ao sistema actual de produción e distribución proseguir sen diminución, non son solucións reais. De facto, esas “solucións” porán as cousas peor pois dan a impresión falsa de cos problemas están no camiño da súa superación cando a realidade é totalmente diferente. Os atafegantes problemas medio ambientais aos que se enfronta o mundo e os seus pobos non serán tratados eficazmente até que instituíamos outra maneira de interactuar dos humanos coa natureza, alterando o xeito que temos de tomar as decisións sobre *que e canto* debemos producir. Os nosos obxectivos máis necesarios e máis racionais requiren que tomemos en conta a satisfacción das necesidades humanas básicas e crear condicións xustas e sustentábeis en nome das xeracións do presente e do futuro (o que tamén significa o estaren preocupados pola preservación das outras especies).

### III. CARACTERÍSTICAS DO CAPITALISMO EN CONFLITO CO MEDIO AMBIENTE

O sistema económico que domina aproximadamente todas as esquinas do mundo é o capitalismo, o que, para a maioría dos humanos, é tan “invisible” coma o ar que respiramos. Somos, de facto, inconscientes en grande medida deste sistema mundial, tanto coma os peixes son inconscientes da auga na que nadan. É a ética do capitalismo, o seus puntos de vista, as súas actitudes, e a estrutura mental que asimilamos e nos acultura a medida que medramos. Inconscientemente, aprendemos ca cobiza, a explotacións dos traballadores

<sup>23</sup> Curtis White, ‘Corazón bárbaro: O capitalismo e a crise da natureza’, *Orion*, (maio-xuño de 2009), <http://orionmagazine.org/index.php/articles/article/4680>.

e a competencia (entre as persoas, as empresas e os países) non son só aceptábeis senón que son realmente bos para a sociedade xa que axudan a facer ca nosa economía funcione “eficientemente”.

Consideremos algúns dos aspectos chave do conflito do capitalismo coa sustentabilidade medio ambiental.

### A. O CAPITALISMO É UN SISTEMA QUE DEBE EXPANDIRSE SEN CESAR

Un capitalismo sen crecemento é un *oximoron* [*contradictio in terminis*]: cando o crecemento cesa, o sistema está nun estado de crise provocando un sufrimento considerábel entre os desempregados. A forza motriz básica do capitalismo e a razón absoluta da súa existencia consiste no atesouramento de beneficios e riqueza a través do proceso de acumulación (aforro e investimento). Non recoñece límites a súa propia expansión, non na economía coma un todo; non nos beneficios desexados polos ricos; e non nun consumo en ascenso ao que as persoas son engaioladas a desexar para xerar maiores beneficios para as empresas. O medio ambiente existe, non coma un lugar con límites inherentes dentro dos que os seres humanos deben vivir conxuntamente coas outras especies da terra, senón como unha esfera de explotación nun proceso de expansión económica crecente.

Certamente as empresas, en conformidade coa lóxica interna do capital, o que se impón pola competencia, deben medrar ou morrer, como así acontece co propio sistema. Existe pouco que se poda facer para incrementar os beneficios cando o crecemento é moi lento ou non existe. Baixo esas circunstancias, existen poucas razóns para investiren en nova capacidade, bloqueando os beneficios que se derivarían do novo investimento. Nunha economía estancada, tamén existe simplemente moito beneficio acrecentado que pode ser extraído facilmente dos traballadores. Soamente medidas coma a diminución do número de traballadores e pedir aos que se manteñen “que fagan máis con menos”, desprazar os custos das pensións e da seguranza sanitaria aos traballadores, e introducir a automatización que reduce o número necesario de traballadores, poden sobrepassarse sen fomentar a desestabilización do sistema. Se a empresa é suficientemente grande, coma Wal-Mart, pode forzar aos seus provedores, temerosos de perder o seu negocio, a rebaixar os seus prezos de subministro. Mais estes medios non son suficientes para satisfacer o que é, de facto, unha busca insaciábel de maiores beneficios, de maneira que as empresas están continuamente ocupadas nunha loita cos seus competidores (a miúdo incluíndo a súa adquisición) para incrementar a súa cota de mercado e as vendas brutas.

É certo co sistema pode continuar o seu avance, até certo punto, como resultado da especulación

*Os problemas medioambientais non son o resultado da ignorancia humana ou da cobiza innata. Non xorden porque os executivos das corporacións ou os promotores inmobiliarios sexan moralmente deficientes. Debemos buscar as explicacións no funcionamento esencial do actual sistema económico (e político-social). É precisamente o feito de que a destrución ecolóxica estea incorporada na natureza e lóxica interna do presente sistema de produción o que leva a que sexa tan difícil de amañar.*

financeira apañada polo crecemento do endebedamento, incluso enfrontados a un crecemento lento da economía subxacente. Mais isto significa, como vimos unha e outra vez, o medrar de burbullas financeiras que inevitabelmente rebentan<sup>24</sup>. Non existe alternativa baixo o capitalismo á expansión sen límites da “economía real” (isto é, da produción), con independencia das necesidades humanas reais, o consumo ou o medio ambiente.

Un aínda pode imaxinar que sería posíbel teoricamente unha economía capitalista con crecemento nulo, e de todas formas que satisfaga todas as necesidades básicas da humanidade. Supoñamos que todos os beneficios que obteñen as empresas (despois de dotar as amortizacións correspondentes ao proceso de depreciación dos equipos e instalacións) son ben gastados polos capitalistas no seu propio consumo ou ben entregados aos traballadores como salarios e beneficios, e consumidos. A medida cos capitalistas e traballadores gastan este diñeiro, deberían mercar os bens e servizos producidos, e a economía podería permanecer nun estado continuo, constante, sen crecemento (o que Marx denominou a “reproducción simple” e que, algunhas veces, tense chamado “estado estacionario”). Posto que non existiría ningún investimento en nova capacidade produtiva, non existiría crecemento económico nin acumulación, nin xeración de beneficios.

Porén, existe un lixeiro problema con esta “utopía dun capitalismo sen crecemento”: viola o forza motriz básica, esencial, do capitalismo. Polo que o capitalismo se esforza e o que constitúe o obxecto da súa existencia é a súa propia expansión. ¿Por qué os capitalistas, quen en cada fibra do seu ser cren que teñen un dereito persoal aos beneficios empresariais, e quen son forzados a acumular riqueza, deberían gastar simplemente o excedente económico ao seu dispor no seu propio consumo ou (aínda menos probábel) en dárllelo aos traballadores para co gasten no seu consumo, no canto de mirar de ampliar a súa riqueza?. Se non se xeran beneficios ¿cómo poderían evitarse as crises económicas baixo o capitalismo?. Pola contra, está claro cos propietarios de capital, en tanto se manteñan semellantes relacións de propiedade, farán todo o que podan dentro das súas posibilidades, cara maximizar a cantidade de beneficios a acumular. Unha economía en estado estacionario, ou estado continuo, constante, como unha solución estábel, é unicamente concibíbel se está separada das relacións sociais do propio capital.

O capitalismo é un sistema que xera continuamente un exército de reserva de desempregados; de maneira coherente, o pleno emprego é unha rareza que acontece

<sup>24</sup> Para o tratamento do papel da especulación e o endebedamento na economía dos EEUU, ver John Bellamy Foster e Fred Magdoff, *A grande crise financeira* (New York: Monthly Review Press, 2009) e Fred Magdoff e Michael Yates, *ABC da crise económica* (New York: Monthly Review Press, 2009).

unicamente nunha situación de taxas moi elevadas de crecemento (que son perigosas correlativamente para a sustentabilidade ecolóxica). Tomando a economía dos EEUU coma exemplo, votemos unha mirada ao que acontece co número de desempregados “oficiais” cando a economía medra a taxas diferentes ao longo dun período de case sesenta anos (*Táboa 1*).

Como antecedente, deberíamos reparar en que a poboación dos EEUU está medrando a un pouco menos do 1 por cento anual, ao igual co número neto de novos entrantes no tramo etario da poboación de entrada normal no mercado de traballo. As medidas do desemprego nos EEUU actuais consideran como oficialmente desempregados a quen buscaron un emprego dentro das catro últimas semanas e non puideron empregarse en traballos a tempo parcial. Os individuos sen traballo, que non buscaron traballo nas catro semanas previas (mais co buscaron dentro do último ano), xa porque pensan que non existen traballos dispoñíbeis, ou porque pensan que non existe ningún acorde coa súa cualificación, son clasificados como “desanimados” e non se contan coma oficialmente desempregados. Outros “traballadores marxinalmente agregados” que non buscaron traballo recentemente (mais si no último ano), non porque foran “desanimados” senón por outras razóns, como a carencia dun servizo de gardería razoábel en termos de custe, están tamén excluídos dos desempregados oficialmente. A taxa de desemprego para a definición de desemprego máis ampla provista polo Departamento de Estatísticas Laborais (U-6), a que inclúe as categorías devanditas (isto é, traballadores desanimados, outros marxinalmente agregados e traballadores a tempo parcial que desexarían un traballo a tempo completo) é normalmente case o duplo da taxa oficial de desemprego dos EEUU (U-3). Na análise seguinte, centraremos a nosa atención unicamente nos datos de desemprego oficial.

Entón ¿qué relación observamos entre o crecemento económico e o desemprego ao longo das últimas seis décadas?

*Táboa 1. Cambio no Desemprego a diferentes Taxas de Crecemento da Economía nos EEUU (1949 - 2008)*

(1)	(2)	(3)	(4)
< 1,1	1.75	11	11
1,2 - 3,0	0.13	13	9
3,1 - 5,0	-0.25	23	3
> 5,0	-1.02	13	0

(\*) Un número negativo indica medre no Emprego.

Fontes: NIPA Táboa 1.1.1. Porcentaxe de cambio sobre a ano anterior do PIB real

Series Id: LNS14000000Q, Informe Poboación actual, Departamento de Estatísticas Laborais, Taxa de Desemprego trimestral

(1) Variación no PIB real sobre o ano anterior

*Porén, existe un lixeiro problema coa «utopía dun capitalismo sen crecemento»: viola a forza motriz, básica, esencial, do capitalismo. Polo que o capitalismo se esforza e o que constitúe o obxecto da súa existencia e razón de ser é a súa propia expansión sen fin. ... Por outra parte, se non se xeran beneficios ¿cómo poderían evitarse as crises económicas baixo o capitalismo?*

- (2) Variación media do desemprego en porcentaxe sobre o ano anterior
- (3) Número de anos
- (4) Anos con crecemento no Desemprego

1. Durante 11 anos de crecemento moi lento, menor do 1,1 por cento anual, o desemprego medrou en cada un deses anos.
2. No 70 por cento dos anos (9 de 13) nos que o PIB medrou entre o 1,2 e 3 por cento anual, o desemprego tamén creceu.
3. Durante os 23 anos nos que a economía dos EEUU crecía bastante rápida (entre o 3,1 e o 5 por cento anual), o desemprego aínda medrou en 3 anos e a redución dos desempregados en porcentaxe foi anémica na maioría dos outros.
4. Unicamente nos 13 anos nos que o PIB medraba máis do 5 por cento anual o desemprego non medrou en ningún deses anos.

Aínda que esta táboa esta baseada en anos de calendario e non de acordo coa evolución dos ciclos económicos que, por suposto, non concordan perfectamente cos anteriores, está claro que se a taxa de crecemento do PIB non é substancialmente máis elevada co incremento da poboación, se perden postos de traballo. Mentres co crecemento lento ou a carencia de crecemento é un problema para os empresarios que pretenden aumentar os seus beneficios, constitúe un desastre para a xente traballadora.

O que isto nos indica é que o sistema capitalista é un instrumento moi basto en termos de proporcionar postos de traballo en relación co crecemento, se hai que xustificar o crecemento por causa do emprego. Precisarase unha taxa de crecemento ao redor do 4 por cento ou máis alta, ben por riba da taxa de crecemento media, denantes de co problema do desemprego sexa vencido no capitalismo dos EEUU de hoxe. É importante salientar o feito de que, nos EEUU desde o ano 1949, semellantes taxas de crecemento tan elevadas a penas foron alcanzadas algunha vez, agás en tempos de guerra.

## B. A EXPANSIÓN LEVA AO INVESTIMENTO NO EXTERIOR NA BUSCA DE ASEGURAREN FONTES DE MATERIAS PRIMAS, FORZA DE TRABALLO BARATA, E NOVOS MERCADOS.

A medida que as empresas se expanden, saturan ou están preto de saturar o mercado “doméstico” e buscan novos mercados no exterior para vender as súas mercadorías. A maiores, elas e os seus gobernos (traballando en nome dos intereses empresariais) axudan a obter a entrada e a tomar o control dos

recursos naturais claves coma o petróleo e unha variedade de minerais. Estamos no centro dun “acaparamento de terras” a medida co capital privado e os fondos soberanos esfórzanse por tomar o control de vastas superficies en todo o mundo cara producir alimentos e cultivos de materias primas para a produción posterior de biocombustíbeis para os seus mercados “domésticos”. Estímase que ao redor de 13 millóns de hectáreas de terra (aproximadamente equivalente aos  $\frac{2}{3}$  da terra cultivábel en Europa), moita dela localizada en África, ten sido adquirida recentemente ou está en proceso de ser adquirida polos países ricos e as corporacións internacionais<sup>25</sup>.

Este incautación global da terra (mesmo se realizada por medios “legais”) pode ser considerada como parte da historia máis ampla do imperialismo. A historia de séculos de saqueo e expansión europea está ben documentada. As actuais guerras dirixidas polos EEUU en Iraq e Afganistán seguen o mesmo modelo histórico xeral e están claramente relacionadas cos intentos ianquis de controlar os principais recursos mundiais de petróleo e de gas<sup>26</sup>.

Hoxe as corporacións multinacionais (ou transnacionais) fan batidas polo mundo na busca de recursos e oportunidades onde queira que podan atopalos, explotando a man de obra barata dos países pobres e reforzando, mais ben que reducindo, as divisións imperialistas. O resultado é unha explotación global máis rapaz da natureza e o incremento nos diferenciais de riqueza e poder. Estas corporacións non teñen lealdade para con nada que non sexan os seus propios beneficios.

## C. UN SISTEMA QUE, POLA SÚA MESMA NATUREZA, DEBE MEDRAR E EXPANDIRSE, FINALMENTE APARECERÁ CONTRA DA REALIDADE DOS RECURSOS NATURAIS FINITOS

O esgotamento irreversible dos recursos naturais finitos deixará ás futuras xeracións sen a posibilidade de poder utilizar eses recursos. Os recursos naturais son utilizados no proceso de produción: petróleo, gas e carbón (combustíbeis), auga (na industria e na agricultura), árbores (para madeiros e papel), unha variedade de depósitos minerais (coma o mineral de ferro, cobre e bauxita), e así deseguido. Algúns recursos, coma os bosques e as pesquerías son dun tamaño finito mais poden ser renovados por medio de procesos naturais de se utilizar un sistema planificado que sexa o suficientemente flexíbel para

<sup>25</sup> “Temores dos países pobres do mundo a medida cos ricos votan man da terra para cultivar alimentos”, *Guardian*, 3 de xullo de 2009; “A febre de alimentos: A elevación da demanda China e occidental provoca a toma de terra africana”, *Guardian*, 3 de xullo de 2009.

<sup>26</sup> Para unha breve discusión da expansión europea, ver Harry Magdoff e Fred Magdoff, “O socialismo vindeiro”, *Monthly Review* 57, nº 3 (xullo-agosto 2005), 19-61. Sobre a relación do petróleo e o gas coas guerras de Iraq e Afganistán, ver Michael T. Klare, *Poderes en ascenso. Planeta encollido* (New York: Metropolitan Books, 2008).

*Esta incautación global da terra (mesmo se realizada por medios «legais») pode ser considerada parte da historia máis ampla do imperialismo. A historia de séculos de saqueo e expansión europea está ben documentada. As actuais guerras dirixidas polos EEUU en Iraq e Afganistán seguen o mesmo modelo histórico xeral e están claramente relacionadas cos intentos ianquis de controlaren os principais recursos mundiais de petróleo e gas.*



mudar cando as condicións o xustifican. O uso futuro doutros recursos, petróleo e gas, minerais, acuíferos nalgúns desertos ou áreas áridas (auga depositada prehistoricamente), están limitados para sempre á oferta que existe actualmente. A auga, o ar e o solo da biosfera pode continuar funcionando ben para as criaturas que viven no planeta unicamente se a contaminación non excede a súa capacidade limitada para asimilar e volver inocuos os contaminantes.

Os empresarios e os executivos consideran nas súas operacións, en xeral, o curto prazo, a maioría teñen en conta os vindeiros tres a cinco anos, ou, en casos moi raros, até os dez anos. Esta é a maneira que teñen de funcionar por mor das condicións económicas imprevisíbeis (as fases do ciclo económico, a competencia doutras empresas, os prezos dos inputs necesarios, etc.) e das demandas dos especuladores na busca de resultados a curto prazo. Por tanto, actúan de maneiras que son, en grande medida, inconscientes dos límites naturais das súas actividades, coma se existira unha oferta ilimitada de recursos naturais para explotar. Incluso se a realidade da limitación penetra na súa conciencia, simplemente apresura a explotación dun recurso dado, que se extrae tan rapidamente coma sexa posíbel, movendo logo o capital a novas áreas de explotación de recursos. Cando cada capitalista individual persigue o obxectivo de realizar un beneficio e de acumular capital, lévanse a cabo decisións que colectivamente prexudican á sociedade coma un todo.

O transcurso de tempo antes de que os depósitos non renovábeis se esgoten depende da dimensión do depósito e da taxa de extracción do recurso. Mentres co esgotamento dalgúns recursos pode durar centos de anos máis (asumindo que a taxa de crecemento da extracción permanece constante), os límites para algúns dos máis importantes, o petróleo e algúns minerais, non tardan tanto en esgotárense. Por exemplo, aínda que as predicións en relación coa máxima produción de petróleo varián segundo os diferentes analistas enerxéticos, guiándose polas estimacións conservadoras das propias compañías petrolíferas, á taxa a que actualmente se está producindo, as reservas coñecidas esgotaríanse nos vindeiros cincuenta anos. A previsión do pico de produción proxéctase en numerosos informes das compañías, gubernamentais e científicos. A cuestión actual non é a probabilidade de que ese pico de produción chegue axiña, senón simplemente como de axiña<sup>27</sup>.

Mesmo se o nivel de consumo non medrara, os depósitos coñecidos de fósforo, ingrediente crítico dos fertilizantes, que poden ser explotados sobre a base das tecnoloxías actuais, estarán esgotados neste século<sup>28</sup>.

<sup>27</sup> British Petroleum, *Revisión Estatística da Enerxía Mundial de BP*, xuño 2009, <http://bp.com>; John Bellamy Foster, *A revolución ecolóxica* (New York: Monthly Review Press, 2009), 85-105.

<sup>28</sup> David A. Vaccari, 'Escaseza de fósforo: unha crise inminente', *Scientific American*, xuño 2009: 54-59.

Enfrontados a uns recursos naturais limitados, baixo o moderno sistema capitalista non existe forma racional para establecer prioridades, xa que nel as clases acomodadas deciden co seu nivel económico, vía mercado, que mercadorías se asignan. Cando a extracción comece a declinar, tal como proxéctase para o petróleo dentro do futuro próximo, os incrementos no prezo porán aínda máis presión sobre o que tiña sido até fai ben pouco, a fachenda do capitalismo mundial: os supostos prósperos traballadores de "clase media" dos estados do centro.

O declinar ben documentado de numerosas especies de peixes oceánicos, case a punto da extinción, é un exemplo de como poden esgotarse os recursos renovábeis. Está nos intereses individuais a curto prazo dos armadores dos pesqueiros, algúns deles actuando a escala de factoría, capturando, procesando e conxelando o peixe, cara maximizar os ingresos. Emporiso, os peixes están esgotados. Ninguén protexe o interese común. Nun sistema que funciona polo xeral sobre o autointerese e a acumulación privada, o estado é normalmente incapaz de facer iso. Algunhas veces isto denominouse como a traxedia do comunal. Mais debería de se chamar a traxedia da explotación privada do comunal.

A situación sería moi diferente se as comunidades que teñen unha participación na dispoñibilidade continuada dun recurso xestionaran ese recurso, no canto das corporacións en grande escala. Estas están suxeitas ao obxectivo único e resolto de maximizar os beneficios a curto prazo, logo do cal circulan deixando atrás a devastación, na realidade explotando a terra. Aínda que non existe límite natural para a cobiza humana, como aprendemos diariamente, existen límites para moitos recursos, incluídos os "renovábeis", como é o caso da produtividade dos mares. (Pénsase que o esgotamento dos peixes fóra do litoral de Somalia por mor da sobrepesca realizada polas flotas pesqueiras actuando a escala de factorías, é unha das causas para o xurdimento da piratería que agora atormenta ás flotas internacionais na zona. Curiosamente, a industria pesqueira veciña de Kenya está agora que rebota porque os piratas tamén serven para manter as grandes flotas pesqueiras fóra da zona).

A explotación dos recursos renovábeis denantes de se poder renovar denomínase "desbordamento" do recurso. Isto está acontecendo non só coas maiores pesquerías senón tamén coas augas superficiais (por exemplo, o acuífero de Oglala nos EEUU, grandes zonas do noroeste da India, do norte de China, e un determinado número de localizacións no Norte de África e Oriente Medio), cos bosques tropicais e incluso cos solos.

John Terborgh, o ecoloxista da Universidade de Duke, describía un viaxe recente que realizou a unha pequena nación africana onde a explotación económica estranxeira combinábase cun drástico esgotamento

*Os empresarios e os executivos actúan de maneiras que son, en grande medida, inconscientes dos límites naturais das súas actividades, coma se existira unha oferta ilimitada de recursos naturais para explotar. Incluso se a realidade da limitación penetra na súa conciencia, simplemente apresura a explotación dun recurso dado, ... movendo logo o capital a novas áreas de explotación de recursos.*

dos recursos: “En todas as partes que estiven, os intereses comerciais estranxeiros estaban explotando recursos após de asinar uns contratos co goberno autocrático. Troncos prodixiosos de catro ou cinco pes de diámetro, saían do bosque virxe, o petróleo e o gas natural exportábase desde a rexión costeira, os dereitos de pesca fóra do litoral tiñan sido vendidos a intereses estranxeiros, e a explotación de petróleo e minerais estaban poñéndose en marcha no interior. A explotación de recursos no Norte de África na era ao longo dos cincocentos anos pos descubrimento seguiu unha secuencia típica --pesca, peles, caza, madeira, solos virxes agrícolas--, mais por causa da escala xigante de expansión da economía actual e a dispoñibilidade dun sen número de tecnoloxías sofisticadas, a explotación de todos os recursos dos países pobres en desenvolvemento agora acontece simultaneamente. En poucos anos serán espremidos os recursos deste país africano e doutros coma el. E logo qué?. Actualmente, a xente alí goza dunha ilusión de prosperidade, mais e só unha ilusión, pois non se están preparando a si mesmos para ningunha outra cousa. E tampouco nós<sup>29</sup>”.

## D. UN SISTEMA ORIENTADO CARA O CRECEMENTO EXPONENCIAL NA BUSCA DE BENEFICIOS INEVITABELMENTE TRASPASARÁ OS LÍMITES PLANETARIOS.

O sistema terra pode verse consistindo dun número de procesos bio-xeo-químicos críticos que, ao longo de centos de millóns de anos, serviron para reproducir a vida. Nos pasados 12.000 anos, máis ou menos, o clima do mundo adoptou unha forma relativamente benigna, asociada coa época xeolóxica coñecida como o Holoceno, durante a que xurdiu a civilización. Porén, agora, o sistema socioeconómico do capitalismo ten medrado a tal escala que desborda os límites planetarios fundamentais, o ciclo de carbono, o ciclo de nitróxeno, o solo, os bosques, os océanos. Cada vez máis, do produto fotosintético terrestre (baseado na terra) por riba do 40 por cento explícase agora directamente pola produción humana. Todos os ecosistemas da terra están nun declinar visíbel. Coa escala ascendente da economía mundial, as rupturas xeradas polos humanos no metabolismo da terra fanse inevitavelmente máis severas e máis variadas. Con todo, a demanda de máis e maior crecemento e acumulación, mesmo nos países máis ricos, é intrínseca ao sistema capitalista. Como resultado, a economía mundial é unha burbulla masiva.

Ademais, non existe nada na natureza do sistema vixente que permitirá dar marcha atrás denantes de que sexa demasiado tarde. Para facer iso, requiriranse outras forzas procedentes de toda a sociedade.

## E. O CAPITALISMO NON É SIMPLEMENTE UN SISTEMA ECONÓMICO--

29. John Terborgh, ‘O mundo está pasándose da raia’, *New York Review of Books* 56, nº 19 (3 de decembro de 2009), 45-57.

## FABRICA UN SISTEMA POLÍTICO, XUDICIAL E SOCIAL PARA APOIAR O SISTEMA DE RIQUEZA E ACUMULACIÓN.

Baixo o capitalismo as persoas están ao servizo da economía e se miran como necesarias para consumir cada vez máis cara manteren a economía en funcionamento. A masiva e, nas verbas de Joseph Schumpeter, “psicotecnica moi elaborada de publicidade”, son absolutamente necesarios cara manter á xente mercando<sup>30</sup>. Moralmente, o sistema está baseado na proposición de que cada un/unha, seguindo os seus propios intereses (cobiza) promoverá o interese xeral e o crecemento. Como ben dixo Adam Smith: “Non é da benevolencia do carnicero, do cervexeiro e do panadeiro que agardamos a nosa cea, senón da súa estima polo seu propio interese<sup>31</sup>”. Noutras palabras, a cobiza individual (ou a busca de beneficios) fai funcionar o sistema, e as necesidades humanas satisfanse coma un subproduto, como resultado derivado. O economista Duncan Foley denominou a esta proposición e ás irracionalidades económicas e sociais que xera a “Falacia de Adam<sup>32</sup>”.

As actitudes e costumes necesarias para o funcionamento sen problemas de semellante sistema, e para que as persoas prosperen coma membros da sociedade --a cobiza, o individualismo, a competencia, a explotación doutros, e o “consumismo” (o motor para mercar máis e máis cousas, sen relación coas necesidades e incluso coa felicidade)--, incúlcense nas persoas polas escolas, polos *media*, e nos lugares de traballo. O título do libro de Benjamin Barber, *Consumidos: Cómo os Mercados corrompen aos Nenos, Infantilizan aos Adultos e se Tragan ao conxunto de Ciudadáns*, di abondo.

A noción de responsabilidade cara os outros e cara a comunidade que é o fundamento da ética, se corroe baixo semellante sistema. Nas palabras de Gordon Gekko, o artista de ficción comprador de empresas, na película *Wall Street* de Oliver Stone, “A cobiza é boa”. Hoxe, enfrontados coa aldraxe xeneralizada do público, co capital financeiro índose con grandes primas e bonificacións por mor das operacións de salvamento dos gobernos, os capitalistas teñen volto a predicar desde os mesmos púlpitos o auto-interese como a base da sociedade. O 4 de novembro de 2009, o executivo xefe de Barclay, John Varley, asegurou desde un atril de madeira da igrexa St. Martin-in-the-Fields, na praza londinesa Trafalgar Square que “o beneficio non é Satánico”. Unhas semanas antes, o 20 de outubro de 2009, o asesor internacional de Goldman Sachs, Brian Griffiths, declarou diante dos

30. Joseph A. Schumpeter, *Ciclos Económicos* (New York: McGraw Hill, 1939), vol. 1, 73.

31. Adam Smith, *A Riqueza das Nacións*, (New York: Modern Library, 1937), 14.

32. Duncan K. Foley, *A Falacia de Adam* (Cambridge, MA: Harvard University Press, 2006).

O sistema terra pode se ver consistindo nun número de procesos bio-xeo-químicos críticos que, ao longo de centos de millóns de anos, serviron para reproduciren a vida.... Porén, agora, o sistema socioeconómico do capitalismo ten medrado a unha tal escala que desborda os límites planetarios fundamentais, o ciclo de carbono, o ciclo de nitróxeno, o solo, os bosques, os océanos.... Todos os ecosistemas da terra están nun declinar visíbel.

fregués da Catedral de San Paulo en Londres, que o “mandamento de Xesús de amar aos outros coma a nós mesmos é un recoñecemento do auto-interese”<sup>33</sup>.

A xente rica chega a crer que merecen a súa riqueza grazas do seu esforzado traballo (o seu ou ás súas abstinencias) e pode ca sorte. As formas nas que levantaron a súa riqueza e prosperidade por mor do traballo social doutras persoas innúmeras quítaselles importancia. Ven aos pobres, e estes con frecuencia están de acordo, dotados de algo ruín neles, como a preguiza ou de non ter recibido unha educación suficiente. Aos obstáculos estruturais que lle impiden a maioría das persoas o mellorar de maneira significativa as súas condicións tamén quítaselles importancia. Esta visión de cada individuo coma unha entidade económica independente preocupada primordialmente co seu propio benestar (e co da súa familia), agocha a nosa humanidade e necesidades comúns. As persoas non son intrinsecamente egoístas mais son premidos a se comportaren así en resposta ás presións e características do sistema. Despois de todo, se cada persoa non se coida de ser o “Número Un” nun sistema moi competitivo, ¿quén se coidará?

Os trazos fomentados polo capitalismo vesen frecuentemente coma se fosen inherentes á “natureza humana”. Por tanto, facendo impensábel unha sociedade organizada sobre outros obxectivos que non sexan o afán de lucro. Mais os humanos son claramente aptos para unha grande variedade de características, estendéndose desde unha grande crueldade ao maior sacrificio por unha causa, á atención doutros sen relación con un, ao verdadeiro altruísmo. O “instinto asasino” que seica herdamos a partires da evolución dos nosos antepasados, sendo a “evidencia” disto o asinato polos chimpancés das crianzas doutros chimpancés, está sendo posto en cuestión coa referencia ás características pacíficas doutros homínidos como os gorilas e os bonobos (tan estreitamente relacionados cos humanos coma os chimpancés)<sup>34</sup>. Estudos de crianzas humanas tamén demostraron que, mentres co egoísmo é un trazo humano, tamén o son a cooperación, a empatía, o altruísmo e a amabilidade<sup>35</sup>. Deixando á parte que trazos deberíamos ter herdado dos nosos antecesores homínidos, investigacións sobre sociedades precapitalistas indican que fomentan e expresan normas moi distintas daquelas das sociedades capitalistas. Como Karl Polanyi resumiu os estudos: *“O sobresaínte descubrimento da investigación histórica e antropolóxica recente é que a economía do home, como*

*norma, está somerxida nas súas relacións sociais. Non actúa a fin de salvagardar o seu interese individual na posesión de bens materiais; actúa a fin de salvagardar a súa reputación social, os seus dereitos sociais, os seus activos sociais*<sup>36</sup>”. No seu artigo de 1937 sobre a “Natureza Humana” para a Enciclopedia das Ciencias Sociais, John Dewey concluía, con termos que teñen sido verificados por toda a ciencia social subseguinte, que:

*“A controversia presente entre os que afirman a fixeza esencial da natureza humana e os que pensan nunha maior medida de modificación céntranse principalmente ao redor do futuro de guerra e o futuro dun sistema económico competitivo motivado polo beneficio privado. Está xustificoado dicir sen dogmatismo que tanto a antropoloxía como a historia apoia aos que desexan cambiar estas institucións. É demostrábel que moitos dos obstáculos ao cambio que se atribuíron á natureza humana son, de facto, debido a inercia de institucións e ao desexo voluntario das clases poderosas cara manterem o estatus existente*<sup>37</sup>”.

O Capitalismo é o único entre os sistemas sociais no cultivo activo, extremo, do auto-interese individual ou do “individualismo posesivo”<sup>38</sup>. Mais a realidade é que as sociedades humanas non capitalistas se desenvolveron e prosperaron durante un longo período temporal, por máis do 99 por cento do tempo transcorrido desde a emerxencia dos humanos anatomicamente modernos, promovendo outros trazos como a participación e a responsabilidade ao grupo. Non existe razón para dudar de que isto poida acontecer de novo<sup>39</sup>.

A conexión incestuosa que existe hoxe entre os intereses empresariais, políticos e xudiciais está razoabelmente clara para a maioría de observadores<sup>40</sup>. Que inclúe desde o suborno descarado a estilos máis sutís de compra para conseguir o acceso a algo, a amizade, a influencia mediante a contribución ás campañas electorais e os esforzos despregados polos grupos de influencia ou presión. A maiores, desenvólvese unha cultura entre os líderes políticos baseada no precepto de que o que é bo para os negocios capitalistas é bo para o país. Por tanto, progresivamente os líderes políticos vense así mesmos como empresarios políticos, ou como homólogos dos empresarios económicos, e a miúdo convéncense de que o que fan para que as corporacións obteñan fondos, e que lles axudará a alcanzar a reelección, faise realmente en ben do interese público. Dentro do sistema xurídico, os intereses dos capitalistas e dos seus negocios reciben practicamente todos os beneficios.

A conexión incestuosa que existe hoxe entre os intereses empresariais, políticos e xudiciais está razoabelmente clara para a maioría de observadores. Que inclúe desde o suborno descarado a estilos máis sutís de compra ... A maiores, desenvólvese unha cultura entre os líderes políticos baseada no precepto de que o que é bo para os negocios capitalistas é bo para o país.

33 ‘O beneficio ‘non é satánico’, di Barclays, logo de que Goldman invocara a Xesús’, Bloomberg.com, 4 de novembro de 2009.

34 Frans de Waal, ‘Os nosos antecesores máis amáveis e dóceis’, *Wall Street Journal*, 3 de outubro de 2009.

35 J. Kiley Hamlin, Karen Wynn e Paul Bloom, ‘Valoración Social de meniños pre-verbais’, *Nature* 50, nº 2 (22 de novembro de 2007), 557-59; Nicholas Wade, ‘Debemos ser nados co desexo de axudar’, *New York Times*, 1 de decembro de 2009. Certas investigacións recentes sobre esta cuestión están sumarizadas de maneira proveitosa en Jeremy Rifkin, *A civilización empática* (New York: Penguin, 2009), 128-34.

36 Karl Polanyi, *A Grande Transformación* (Boston: Beacon, 1944), 46.

37 John Dewey, *Seleccións da Enciclopedia de Ciencias Sociais* (New York: McMillan, 197), 536.

38 Ver C.B. Macpherson, *A Teoría Política do Individualismo Posesivo* (Oxford: Oxford University Press, 1962).

39 Para unha discusión máis completa sobre estas cuestións ver Magdoff e Magdoff, ‘O Socialismo vindeiro’, 19-23.

40 Para unha discusión do poder das finanzas no sistema político dos EEUU, ver Simon Johnson, ‘O golpe de estado silencioso’, *Atlantic Monthly*, maio 2009.

Dado o poder exercido polos intereses empresariais sobre a economía, o estado e os *media* resulta extremadamente difícil efectuar cambios fundamentais aos que se opoñan. Emporiso, faise case imposible dispor dunha política enerxética, dun sistema sanitario, dun sistema agrícola e alimentar, dunha política industrial, dunha política comercial, educativa, etcétera, racionais e ecoloxicamente sólidas.

#### IV CARACTERÍSTICAS DO CAPITALISMO EN CONFLICTO COA XUSTIZA SOCIAL.

As características do capitalismo discutidas antes, a necesidade do crecemento; a presión ás persoas para comprar máis e máis; a expansión exterior; o uso dos recursos sen preocuparse polas xeracións futuras; o traspaso dos límites planetarios; e o papel predominante exercido a miúdo polo sistema económico sobre as formas moral, legal, política e cultural da sociedade, son quizais as características do capitalismo que fan máis dano ao *medio ambiente*. Mais existen outras características do sistema que causan impacto en grande medida na cuestión da *xustiza social*. É importante botar unha ollada máis de preto a estas contradicións sociais incorporadas no sistema.

#### A. CANDO O SISTEMA FUNCIONA CON NATURALIDADE XURDE UNHA GRAN DISPARIDADE NA RIQUEZA E NA RENDA

Existe unha conexión lóxica entre os éxitos do capitalismo e os seus fracasos. A pobreza e miseria dunha grande masa das persoas do mundo non é un accidente, algún subproduto involuntario do sistema, que pode eliminarse con cativos amaños aquí e acolá. A fabulosa acumulación de riqueza, coma unha consecuencia da maneira de funcionamento do capitalismo tanto nacional como internacionalmente, produciu, simultaneamente, fame persistente, má nutrición, problemas de saúde, carencia de auga, falla de saneamento e miseria xeral dunha grande porción de persoas do mundo. Os poucos ricos recorren á mitoloxía de que as grandes disparidades son realmente necesarias. Por exemplo, como sinalou Brian Griffiths, o asesor de Goldman Sachs Internacional, antes citado: *“Temos que tolerar a desigualdade como unha maneira de alcanzar unha maior prosperidade e a oportunidade para todos”*<sup>41</sup>. Segundo eles, o que é bo para os ricos tamén, por casualidade, resulta ser bo para a sociedade coma un todo, se ben moitos permanecen enlameados nun estado perpetuo de pobreza.

A maioría da xente necesita traballar cara obter os salarios cos que mercar as cousas necesarias para a

41 Julia Werdigier, 'Os banqueiros británicos defenden as súas retribucións e bonus', *New York Times*, 7 de novembro de 2009.

vida. Mais, por mor do modo de funcionamento do sistema, existe un grande número de persoas asociadas de xeito precario ao traballo, subsistindo nos banzos do fondo da escala social. Son contratados durante os momentos de crecemento e despedidos canda o crecemento enlentece ou cando o seu traballo non sexa xa preciso por outras razóns; Marx se referiu a este grupo como o “*exército industrial de reserva*”<sup>42</sup>. Dado un sistema con grandes altibaxos, con auxes e crises, e no que os beneficios son a prioridade máxima, xa non é simplemente conveniente dispor dun grupo de persoas no exército de reserva; resulta absolutamente esencial para o funcionamento sen problemas do sistema. Serve, sobre todo, para manteren baixos os salarios. O sistema, sen unha intervención significativa do goberno (por medio duns impostos elevados sobre as sucesións e duns impostos sobre a renda substancialmente progresivos), produce unha desigualdade xigantesca da renda e da riqueza que pasa de xeración en xeración. A produción dunha grande riqueza, e á vez, dunha grande pobreza, *dentro e entre* os países non é fortuíto; a riqueza e a pobreza son como as dúas caras da mesma moeda.

No ano 2007 nos EEUU, o 1 por cento superior controlaban o 33,8 por cento da riqueza do país, mentres co 50 por cento inferior da poboación posuía simplemente o 2,5 por cento. De certo, os 400 *individuos* máis ricos tiñan en 2007 un patrimonio neto combinado de 1,54 billóns de dólares en 2007, achegándose ao dos *150 millóns de persoas* na parte inferior da escala (que posúen un patrimonio neto agregado de 1,6 billóns de dólares). A una escala global, a riqueza dos 793 mil millónarios do mundo é, no presente, maior de 3 billóns de dólares, aproximadamente equivalente ao 5 por cento da renda total mundial (60,3 billóns de dólares no ano 2008). Só 9 millóns de persoas en todo o mundo (ao redor de 1/10 do 1 por cento da poboación mundial) denominadas como “*individuos de patrimonio neto elevado*” dispoñen actualmente dunha riqueza combinada de 35 billóns de dólares, equivalente a máis do 50 por cento da renda mundial<sup>43</sup>. A medida ca riqueza se concentra cada vez máis, gaña máis poder político e fará o que poida para quedarse con todo o diñeiro que poidan, ás costas dos situados nos estratos económicos inferiores. A maioría das forzas produtivas da sociedade, como as fábricas, a maquinaria, as materias primas e a terra están controladas por unha porcentaxe relativamente cativa da poboación. E, por suposto, a maioría da xente non observa nada mao nisto que parecera ser a orde natural das cousas.

42 Para unha visión contemporánea do exército de reserva, ver Fred Magdoff e Harry Magdoff, “Traballadores dispoñibles”, *Monthly Review* 55, nº 11 (abril 2005), 18-35.

43 Matthew Miller e Duncan Greenberg, ed., ‘As persoas máis ricas en América’ (2009), *Forbes*, <http://forbes.com>; Arthur B. Kennickell, ‘Variabeis stock e fluxo: A riqueza e a renda nos EEUU, de 1989 a 2007’, Documento de Traballo do Consello da Reserva Federal, 2009-13, 2009, 55, 63; ‘PIB mundial’, <http://economywatch.com>, accesibel 16 de xaneiro de 2010; ‘Mil Millonarios do Mundo’, *Forbes.com*, 8 de marzo de 2007; Caggemini e Merrill Lynch Wealth Management, *Informe da Riqueza Mundial, 2009*, <http://us.caggemini.com>, introdución.

*A pobreza e miseria dunha grande masa de persoas do mundo non é un accidente, algún subproduto involuntario do sistema, ...A fabulosa acumulación de riqueza, coma consecuencia do xeito de funcionamento do capitalismo a nivel nacional e internacional, produciu, simultaneamente, fame persistente, má nutrición, problemas de saúde, carencia de auga, falla de saneamento e miseria xeral dunha grande porción de persoas no mundo.*

## B. AS MERCADORÍAS E SERVIZOS SE RACIONAN DE ACORDO COA CAPACIDADE DE PAGO

Os pobres non teñen acceso a boas casas ou a unha oferta de alimentos adecuados porque non dispoñen de demanda “efectiva”, por moito que, certamente, teñan demandas baseadas na bioloxía. Todos os bens son mercadorías. A xente sen suficiente demanda efectiva (diñeiro) non ten dereito no sistema capitalista a ningún tipo particular de mercadoría, sexa de luxo como unha pulseira de diamantes ou unha mansión xigante, sexa unha necesidade da vida, como un medio ambiente físico saudábel, alimentación digna de confianza ou servizos médicos de calidade. O acceso a todas as mercadorías está determinado, non polo desexo ou a necesidade, senón pola tenencia de suficiente diñeiro ou crédito para mercalas. Así, un sistema que por medio do seu propio funcionamento normal produce desigualdade e mantén baixos os salarios dos traballadores, asegura que moitos (nalgunhas sociedades a maioría) non terán acceso incluso ás necesidades básicas ou ao que debería de se considerar unha existencia humana decente.

Debería terse en conta que durante os períodos nos que os sindicatos e os partidos políticos eran poderosos, algún dos estados avanzados capitalistas de Europa instituíron unha rede de seguridade máis xenerosa ca existente nos EEUU, con programas como unha sanidade universal. Isto tivo lugar como consecuencia da loita dos pobos reivindicando co goberno provera o que o mercado non podía facer, unha igualdade de acceso a algunha das necesidades básicas da vida.

## C. O CAPITALISMO É UN SISTEMA QUE SE DISTINGUE POLA EXISTENCIA DE CRISES ECONÓMICAS RECURRENTES

No ciclo económico normal, as factorías e o conxunto da industria producen progresivamente máis durante a fase de auxe, asumindo que nunca rematará e non desexando perderse os “bos tempos”, o que dá como resultado unha sobreproducción e sobrecapacidade, que leva a unha recesión, Noutras palabras, o sistema é propenso ás crises, durante as que os pobres ou case pobres sofren moito máis as peores consecuencias das mesmas. As recesións acontecen con algunha regularidade, mentres cas depresións son moito menos frecuentes. Agora mesmo, estamos nunha recesión profunda ou mini-depresión (co 10 por cento de desemprego oficial), e moitos pensan que nos salvamos polos pelos dunha depresión a grande escala. Consideradas todas, desde mediados da década de 1850 sufrimos 32 recesións ou depresións nos EEUU (sen incluíren a actual), cunha contracción media desde 1945 que dura ao redor de 10 meses e unha expansión media entre contraccións durando

aproximadamente 6 anos<sup>44</sup>. Ironicamente, do punto de vista ecolóxico as principais e máis importantes recesións, aínda causándolle un dano grande a moitas persoas, son realmente un beneficio, xa que unha menor produción conduce a unha menor contaminación da atmosfera, a auga e a terra.

## V. PROPOSTAS PARA UNHA REFORMA ECOLÓXICA DO CAPITALISMO

Existen algunhas persoas que comprenden completamente os problemas ecolóxicos e sociais que ocasiona o capitalismo, mais pensan co capitalismo pode e debería ser reformado. Seguindo a Benjamin Barber: *“A loita polo espírito do capitalismo é ... a loita entre o corpo económico da nación e a súa alma civil: unha loita para pór ao capitalismo no seu sitio, de maneira que sirva á nosa natureza e necesidades no canto de manipular e fabricar antollos e desexos. Salvar ao capitalismo significa poñelo en paz e harmonía co espírito, con prudencia, pluralismo e aquelas “cosas do público” ... que definen os nosos espíritos cívicos. Unha revolución do espírito<sup>45</sup>”*.

William Greider escribiu un libro titulado *O Alma do Capitalismo: Abrindo camiños a unha Economía Moral*. E existen libros que pregoan o potencial do “capitalismo verde” e o “capitalismo natural” de Paul Hawken, Amory Lovins e L. Hunter Lovins<sup>46</sup>. Aquí, se nos di que podemos enriquecérmolos, continuar o crecemento da economía e incrementar o consumo sen cesar, e salvar ao planeta, todo ao mesmo tempo!. Qué podemos facer?. Existe un lixeiro problema, un sistema que ten un único obxectivo, o maximizar dos beneficios, non ten alma, nunca pode ter un alma, nunca pode ser verde e, pola súa mesma natureza, debe manipular e fabricar antollos e desexos.

Existe un número importante de pensadores ecoloxistas e medio ambientais “inconformistas” e persoas dinámicas, activas. Son persoas xenuinamente boas e ben intencionadas que están preocupados coa saúde do planeta, e a maioría deles tamén están preocupados cos aspectos da xustiza social. Porén existe un marco do que non poden fuxir, o sistema económico capitalista. Aínda co número en ascenso de individuos que critican o sistema e os seus “fallos de mercado” rematan a miúdo con “solucións” enfocadas a un capitalismo estritamente controlado, “humanitario” e non corporativo, no canto de saírense realmente fóra do marco do capitalismo. Son incapaces incluso de pensar sobre, e moito menos de

44 “Cantas recesións ocorreron na economía dos EEUU?”, Consello da Reserva Federal de San Francisco, xaneiro 2008, <http://frb.org>; National Bureau of Economic Research, “Ciclos económicos, expansións e contraccións”, 17 de xaneiro de 2010, <http://nber.org>.

45 Benjamin Barber, “Unha revolución no espírito”, *The Nation*, 9 de febreiro de 2009, <http://thenation.com/doc/20090209/barber>.

46 Paul Hawken, Amory Lovins e L. Hunter Lovins, *Capitalismo Natural* (Boston: Little, Brown and Co., 1999). Para unha crítica detallada da ideoloxía do “capitalismo natural”, ver F.E. Trainer, “O capitalismo natural non pode dominar os límites dos recursos”, <http://mfnorsustain.org>.

Todos os bens son mercadorías. quen non ten suficiente demanda «efectiva» (diñeiro) non ten dereito no sistema capitalista a ningún tipo particular de mercadorías, incluso as necesarias para a vida, como un medio ambiente físico saudábel, alimentación digna de confianza ou servizos médicos de calidade. O propio funcionamento do sistema provoca desigualdade e ca maioría non teñan acceso ás necesidades básicas ou ao que debería se considerar unha existencia humana decente.

promover, un sistema económico que teña obxectivos e procesos de toma de decisións distintos, nun sistema que sitúe a énfase primaria nas necesidades humanas e medio ambientais como opostas aos beneficios.

Cada corporación pretende avanzar ás outras en se fotografar a si propia coma “verde”. Vostede pode mercar e levar postas as roupas Gucci coa conciencia limpa porque a compañía está axudando a protexeren os bosques tropicais o consumir menos papel<sup>47</sup>. *Newsweek* reivindica que corporacións xigantes como a Dell, Hewlett-Packard, Johnson & Johnson, Intel e IBM ocupan as cinco posicións superiores da xerarquía como compañías verdes no ano 2009, por mor do seu uso de fontes de enerxía “renovábeis”, informando das emisións de gases de efecto invernadoiro (ou do seu descenso) e poñendo en práctica políticas medio ambientais formais e de boa reputación<sup>48</sup>. Vostede pode viaxaren onde queira, libre de culpabilidade, mercando “compensacións” de carbono que presuntamente cancelan os efectos medio ambientais da súa viaxe.

Botemos unha ollada a algúns dos mecanismos propostos para trataren coa desfeita ecolóxica sen disturbaren o capitalismo.

## A. MELLORES TECNOLOXÍAS QUE SON MÁIS ENERXÉTICO-EFICIENTES E UTILIZAN MENOS ÍNPUTS MATERIAIS

Algunhas propostas para mellorar a eficiencia enerxética, como as que axudan á xente a facer máis estancas as súas vellas vivendas de maneira que consuman menos combustible para a calefacción no inverno, son de sentido común. A eficiencia da maquinaria, incluídos os aparatos domésticos e os automóviles vén mellorando continuamente e constitúe unha parte normal do sistema. Aínda que pode lograrse moito máis nesta área, normalmente a eficiencia mellorada conduce a uns custos máis baixos e a un uso acrecentado (e a miúdo tamén a un tamaño acrecentado, coma no caso dos automóviles), de tal maneira que, realmente, a enerxía utilizada se incrementa. O fomento desencamiñado dos agro-combustíbeis “verdes” foi enormemente prexudicial para o medio ambiente. Non só situou en competencia directa os alimentos e os combustíbeis para autos, ás costas dos primeiros, senón que, algunhas veces, realmente reduciu a eficiencia enerxética total<sup>49</sup>.

## B. ENERXÍA NUCLEAR

Algúns científicos preocupados co cambio climático, incluídos James Lovelock e James Hansen vén a enerxía nuclear coma unha enerxía alternativa, e como unha

resposta parcial á utilización de combustíbeis fósiles; unha enerxía que é moito preferíbel ao crecemento na utilización do carbón. Porén, aínda ca tecnoloxía da enerxía nuclear teña mellorado algo coas plantas de terceira xeración e coa posibilidade (aínda non unha realidade) dunha cuarta xeración, os perigos da enerxía nuclear son aínda enormes, con residuos radioactivos que duran centos e miles de anos, a xestión social de sistemas complexos e o nivel de risco absoluto implicado. Ademais, as plantas nucleares levan uns dez anos en se ver construídas e son moi custosas e antieconómicas. Por tanto, existen moitas razóns (non a menos importante de todas elas, as futuras xeracións) para ser extremadamente cautelosos da enerxía nuclear como certa caste de solución. Iren nesa dirección case seguramente sería coma un trato do Fausto<sup>50</sup>.

## C. SOLUCIÓN DE ENXEÑERÍA A GRANDE ESCALA

Un certo número de vastos esquemas de enxeñaría teñen sido propostos xa para sacar o CO<sub>2</sub> da atmosfera ou para incrementar a reflexión da luz solar no espazo, fóra da terra. Poden incluírense: *os esquemas de secuestro de carbono* como a captura do CO<sub>2</sub> das plantas eléctricas inxectándoo nas profundidades da terra, e fertilizar os océanos con ferro a fin de incrementar o crecemento das algas para absorber carbono; e *os esquemas de reflexión mellorada da luz solar* como despregando enormes illas brancas nos océanos, crear grandes satélites para reflectir a luz solar entrante, e contaminar a estratosfera coas partículas que reflecten a luz.

Ningún coñece, por suposto, que efectos secundarios prexudiciais poden darse como consecuencia de tais esquemas. Por exemplo, unha maior absorción de carbono polos océanos podería incrementar a acidificación, mentres que descargar dióxido de sulfuro na estratosfera cara bloquearen a luz solar podería reducir a fotosíntese.

Tamén se propuxeron procedementos de baixa tecnoloxía para secuestrar o carbono como aumentar a reforestación e utilizar unha xestión ecolóxica do solo para incrementar a materia orgánica no mesmo (que está composta principalmente por carbono). A maioría destes deben levarse a cabo polo seu propio ben (o material orgánico axuda a mellorar os solos de moitas maneiras). Algúns poderían axudar a reducir a concentración de carbono na atmosfera. Así a reforestación, sacando carbono da atmosfera, algunhas veces é pensada coma un constituinte de emisións negativas. Mais as solucións de baixa tecnoloxía non poden resolver o problema na situación dun sistema en expansión, especialmente considerando cos árbores plantados agora poden ser cortados máis adiante, e o carbón almacenado como materia orgánica do solo

*Porén, aínda ca tecnoloxía da enerxía nuclear teña mellorado, os perigos desta enerxía son aínda enormes, con residuos radioactivos que duran centos e miles de anos, a xestión social de sistemas complexos e o nivel de risco absoluto implicado. Ademais, levan uns 10 anos en se ver construídas, sendo moi custosas e antieconómicas.*

47 “Gucci reúne a outros actores de moda co compromiso de protexer os bosques tropicais”, *Financial Times*, 5 de novembro de 2009.

48 Daniel McGinn, “As compañías Grandes máis verdes en América”, *Newsweek*, 21 de setembro de 2009. <http://newsweek.com>.

49 Fred Magdoff, “A economía política e a ecoloxía dos bio-combustíbeis”, *Monthly Review* 60, nº 3 (xullo-agosto 2008), 34-50.

50 James Lovelock, *Avinganza de Gaia* (New York: Perseus, 2006), 87-105; Hansen, *Escándalos do meu neto*, 198-204. Sobre os perigos continuados das plantas nucleares, aínda nas últimas incarnacións, ver Robert D. Furber, James C. Warf e Sheldon C. Plotkin, “O futuro das plantas nucleares”, *Monthly Review* 59, nº 9 (febreiro 2008), 38-48.

pode daquelas converterse en CO<sub>2</sub> de se mudar as prácticas.

## D. ESQUEMAS DE LÍMITES E COMERCIO (MERCADO DE EMISIÓN)

O instrumento económico favorito do sistema é o que se denominan esquemas de “límites e comercio” para limitar as emisións de carbono. Isto implica o pór un límite sobre o nivel tolerábel das emisións de gases de efecto invernadoiro e logo distribuír os permisos (xa a través dun prezo ou por subhasta) que permitan ás industrias a emisión de dióxido de carbono e dos outros gases de efecto invernadoiro. As corporacións que posúan máis permisos cos que precisan poden vendelos a outras firmas que desexen permisos adicionais para contaminar. Tais esquemas inclúen invariabelmente “compensacións” que actúan como as indulxencias medievais, que permiten cas corporacións continúen contaminando mentres mercan a boa graza axudando a recortar a contaminación en calquera outra parte, por exemplo, no terceiro mundo.

En teoría, o mercado de emisións suponse que estimula a innovación tecnolóxica cara incrementar a carbono-eficiencia. Na práctica, non levou a unha diminución das emisións de dióxido de carbono naquelas zonas nas que se introduciu este instrumento, como é o caso de Europa. O principal resultado do comercio de emisións ten sido os enormes beneficios dalgunha corporación e algúns individuos e a creación dun mercado de emisións *subprime*<sup>51</sup>. Non existe comprobación ningunha significativa da efectividade das “compensacións”, nin prohibicións para o caso de que muden as condicións máis tarde, que terán como consecuencia a emisión de dióxido de carbono a atmosfera.

## VI. QUE SE PODE FACER AGORA?

En ausencia dun cambio sistémico, existen, certamente, algunhas cousas que se fixeron e máis que haberá que facer no futuro para reducir os efectos negativos do capitalismo sobre o medio ambiente e as persoas. Non existe ningunha razón particular pola que os EEUU non podan dispor dun mellor sistema de benestar, incluída unha sanidade universal, coma acontece en moitos outros países avanzados capitalistas. Os gobernos poden aprobar leis e levar a práctica regulacións cara frear os problemas medio ambientais máis graves. O mesmo vale para o contorno e para a construción de vivendas razoábeis. Poderíase instituír un imposto sobre o carbono do tipo proposto por James Hansen, no que o 100 por cento dos beneficios retornan ao público, e

deste modo fomentando a conservación e situando as cargas sobre aqueles coas pegadas de carbono máis grandes e os máis ricos. Poderían bloquearse novas plantas eléctricas de carbón (sen secuestro de carbono) e o peche das existentes<sup>52</sup>. A nivel mundial, podería promoverse a contracción e converxencia nas emisións de carbono, avanzando cara unha taxa per cápita uniforme de emisións, con recortes máis profundos nos países ricos con grandes pegadas de carbono per cápita<sup>53</sup>. O problema consiste en que forzas moi poderosas opóñense con firmeza a medidas semellantes. Por tanto, tais reformas permanecen no mellor dos casos moi limitadas, cunha existencia marxinal tolerada na medida na que non interfiran ao motor básico da acumulación do sistema.

De certo, o problema con este tipo de enfoques é que permiten á economía continuar no mesmo curso desastroso que segue actualmente. Podemos continuaren consumindo todo canto desexemos (ou tanto como a nosa renda e riqueza nolo permita), esgotando os recursos, percorrendo maiores distancias nos nosos autos máis combustíbel-eficientes, consumir toda caste de novos produtos fabricados por corporacións “verdes”, e así deseguido. Todo o que precisamos facer é apoiar as novas tecnoloxías “verdes” (algunhas das cales, como a utilización dos cultivos agrícolas para a fabricación de combustíbeis non son realmente verdes!) e ser “bos” separando os residuos que poden converterse en compós ou ser reutilizados dalgunha outra maneira, e podemos continuar vivindo como anteriormente, nunha economía de perpetuo crecemento e beneficios.

A mesma seriedade do problema de cambio climático xurdido das emisións de dióxido de carbono e outros gases de efecto invernadoiro xerados polos humanos levou a noción de que é necesario simplemente reducir as pegadas de carbono (un problema difícil en si). Porén, a realidade e que existen numerosos, inter-relacionados e crecentes problemas ecolóxicos que xorden a consecuencia dun sistema orientado cara unha acumulación do capital en expansión infinita. O que se precisa de reducir non é simplemente as *pegadas de carbono*, senón as *pegadas ecolóxicas*, o que significa que a expansión económica a nivel mundial e especialmente nos países ricos necesita ser reducida, incluso detida, cesada. Ao mesmo tempo, moitos países pobres necesitan expandir as súas economías. Por tanto, os novos principios que promoveríamos son os dun desenvolvemento humano sustentábel. Isto significa *suficiente* para todos e non máis. De certo, o desenvolvemento humano non debería obstaculizarse, e mesmo podería ser considerabelmente mellorado en beneficio de todos, situando a énfase sobre o desenvolvemento humano sustentábel no canto de sobre un desenvolvemento económico insostíbel.

*En teoría, o mercado de emisións suponse que estimula a innovación tecnolóxica cara incrementar a carbono-eficiencia. Na práctica, non levou a unha diminución das emisións de CO<sub>2</sub> naquelas zonas nas que se introduciu este instrumento, coma en Europa. O seu principal resultado foron os enormes beneficios por algunha transnacional e algúns individuos, xunto coa creación dun mercado de emisións subprime ou lixo.*

51 Amigos da Terra, ‘Carbono subprime?’ (marzo 2009), <http://foe.org/subprime-carbono>, e *Unha Obsesión perigosa* (novembro 2009), <http://foe.co.uk>; James Hansen, ‘Venerando o templo do xuízo final’ (5 de maio de 2009), <http://columbia.edu>; Larry Lohman, ‘Crise do clima: Crise da ciencia social’, de vindeira publicación en M. Voss, ed. *Kimawandel* (Wiesbaden: VS-Verlag), <http://tni.org/archives/archives/lohmann/scienccecrisis.pdf>.

52 Ver Hansen, *Escándalos do meu neto*, 172-77, 193-94, 208-22.

53 Ver Aubrey Meyer, *Contracción e converxencia* (Devon: Schumacher Society, 2000; Tom Athanasiou e Paul Baer, *Calor de morte* (New York: Seven Stories Press, 2002).

## VII. OUTRO SISTEMA ECONÓMICO NON É SIMPLEMENTE POSÍBEL, É ESENCIAL.

A análise precedente, de ser correcta, sinala ao feito de que a crise ecolóxica non pode resolverse dentro da lóxica do sistema presente. Así as diferentes suxestións para arranxala non teñen esperanza de suceso. O sistema do capitalismo mundial é claramente insostíbel en: (1) a súa busca dunha acumulación sen fin do capital que conduce a que a produción debe ser ensanchada continuamente cara prover os beneficios; (2) os seus sistemas agrícola e alimentario que contaminan o medio ambiente e aínda así non permiten un acceso universal a unha cantidade e calidade suficientes de alimentos; (3) a súa destrución rampante do medio ambiente; (4) a súa recreación e afondamento continuado da estratificación da riqueza dentro e entre países; (5) a súa busca de solucións máxicas tecnolóxicas coma un medio de evitaren os problemas social e ecolóxico en ascenso coma consecuencia do seu propio funcionamento.

A transición a unha economía ecolóxica, que coidamos debería ser tamén unha economía socialista, será un proceso ascendente e non acontecerá da noite para a mañá. Isto non é unha cuestión de “toma por asalto do Pazo de Inverno”. Mais ben, trátase dunha loita multi-facética dinámica por un novo pacto cultural e un novo sistema produtivo. A loita é, finalmente, contra do *sistema do capital*. Emporiso, debe comezar opoñéndose á *loxica do capital*, esforzándose aquí e agora por crear nos intersticios do sistema un novo metabolismo social enraizado no igualitarismo, na comunidade, no colectivo, e nunha relación sustentábel coa terra. As bases para a creación dun desenvolvemento humano sustentábel deben xurdir *desde dentro* do sistema dominado polo capital *sen formar parte del*, xusto como a mesma burguesía ergueuse nos “poros” da sociedade feudal<sup>54</sup>. Finalmente, estas iniciativas poden converterse no suficientemente poderosas cara constituíren as bases duns novos movemento e sociedade revolucionarios.

No mundo enteiro, están tendo lugar agora estas loitas nos intersticios da sociedade capitalista, e son demasiado numerosas e demasiado complexas coma para ser tratadas en profundidade aquí. Hoxe os pobos indíxenas dannos unha nova base a medida co resultado da loita revolucionaria en curso en Bolivia está reforzando unha nova ética de responsabilidade coa terra. A Vía Campesíña, a organización campesíña global, está fomentando novas formas de agricultura ecolóxica, ao igual co MST (Movemento dos Traballadores Rurais Sen Terra) brasileiros, que Cuba e Venezuela. Recentemente, o Presidente venezolano Hugo Chávez salientaba as razóns sociais e medio ambientais para traballar cara se desfacer do modelo rendista de produción petroleira de Venezuela, un dos

54 Carlos Marx e Federico Engels, *Obras escollidas* (New York: International Publishers, 1975), vol. 6, 327; Carlos Marx, *O Capital*, vol 3 (Londres: Penguin, 1981), 447-48.

principais exportadores petroleiros<sup>55</sup>. O movemento de xustiza polo clima está demandando solucións igualitarias e anti-capitalistas á crise climática. En todas as partes están xurdindo estratexias radicais, esencialmente anti-capitalistas, baseadas noutra ética e formas de organización, no canto de se fundamentar na motivación beneficio: vilas ecolóxicas; o novo ambiente urbano promovido en Curitiba no Brasil e noutras partes; os experimentos en permacultura (termo que vén de cultura permanente), e unha agricultura apoiada pola comunidade (ou agricultura comunitaria), cooperativas agrícolas e industriais en Venezuela, etcétera. O Foro Social Mundial ten dado voz a moitas destas aspiracións. Como manifestou un dos principais ecoloxistas dos EEUU, James Gustave Speth: “*O movemento social internacional polo cambio, que se remite a si propio como ‘o ascenso irresistible do anti-capitalismo global’ é máis forte do que moitos podemos imaxinar e medrará moito máis*”<sup>56</sup>.

A razón de porque a oposición á lóxica do capitalismo, que en última instancia busca desprazar ao sistema enteiro, medrará de forma a mais impresionante, é que non existe alternativa, se a terra tal como a coñecemos, e a mesma humanidade, han de sobrevivir. Nisto, as reivindicación da ecoloxía e o socialismo necesariamente coincidirán. Clarificarase progresivamente que a distribución da terra así como dos alimentos, a sanidade, a vivenda, etc. debería basearse na satisfacción plena das necesidades humanas e non nas forzas do mercado. Por suposto, isto é máis doado dicilo que facelo. Pois significa tomar as decisións económicas a través de procesos democráticos que acontecen nos niveis local, rexional e multi-rexional. Deberemos enfrontármonos con cuestións como: (1) Cómo podemos satisfacer a todo o mundo das necesidades humanas básicas de alimentación, auga, abrigo, vestido, sanidade, e oportunidades de educación e culturais?; (2) Qué contía da produción económica debería consumirse e investirse?; e (3) Cómo deberían dirixirse os investimentos?. Neste proceso, a xente atoparía as maneiras óptimas de levar a cabo estas actividades dentro dunha interacción positiva coa natureza, cara mellorar o ecosistema. Se precisará de novas formas de democracia, poñendo a énfase nas nosas responsabilidades dos uns para cos outros, coa propia comunidade e coas comunidades de todo o mundo. Por suposto, lograr isto requirirá dunha planificación social a cada nivel: local, rexional, nacional e internacional, que só pode obter suceso na medida en que sexa *de e por*, e non só en aparencia, *para* as persoas<sup>57</sup>.

Un sistema económico que sexa democrático, razoabelmente igualitario e capaz de pór límites ao consumo, sen dúbida, significará que as persoas vivirán cun nivel significativamente inferior de consumo en

55 “Chávez insiste en desfacerse do modelo rendista de produción petroleira en Venezuela”, MRzine, <http://mrzine.org> (11 de xaneiro de 2010).

56 James Gustave Speth, *A ponte nas aforas do mundo* (New Haven: Yale University Press, 2008), 195.

57 Sobre a planificación, ver Magdoff e Magdoff, “O socialismo vindeiro”, 36-61.

*A crise ecolóxica non pode resolverse dentro da lóxica do sistema presente. Así, as diferentes suxerencias para arranxala non teñen esperanza de suceso. O capitalismo mundial é insostíbel por súa busca dunha acumulación sen fin, por uns sistemas agrícola e alimentario contaminantes, pola súa destrución rampante do medio ambiente, pola creación de desigualdade dentro e entre países, e a súa busca de solucións máxicas tecnolóxicas cara evitaren os problemas en ascenso por mor do seu propio funcionamento.*



relación co que algunhas veces menciónase nos países ricos coma o estilo de vida da “clase media” (que nunca foi universalizado nin sequera nesas sociedades). Un estilo de vida máis sinxelo, aínda que “máis pobre” en chismes e aparatos e vivendas ultra-grandes de luxo, pode ser máis rica culturalmente e na reconexión cos outros pobos e a natureza, coa xente traballando o número de horas máis pequeno que permita satisfacer as cousas esenciais para a vida. Un grande número de traballos nos países capitalistas ricos son improdutos e poderían ser eliminados, indicando que a xornada semanal podería ser recortada considerabelmente nunha economía organizada máis racionalmente. O eslogan, visto ás veces nos adhesivos dos parachoques dos automóbiles, “Vive Simplemente de maneira que outros poidan Simplemente Vivir” ten pouco significado nunha sociedade capitalista. Vivir unha vida sinxela tal coma fixeron Helen e Scott Nearing, demostrando que é posíbel vivir unha vida gratificante e interesante vivindo simplemente, non axudará aos pobres baixo as circunstancias presentes<sup>58</sup>. Porén, o eslogan terá unha importancia certa nunha sociedade baixo un control social (na vez de privado), ao intentar satisfacer as necesidades básicas de todas as persoas.

Quizais os Consellos de Comunidade venezolanos, nos que a xente decide as prioridades do investimento social nas súas comunidades e reciben os recursos para os levar a cabo, sexan un exemplo de planificación das necesidades humanas a nivel local. Esta é a maneira de que necesidades tan importantes como escolas, clínicas, estradas, electricidade e auga corrente poidan ser satisfeitas. Nunha sociedade realmente transformada, os consellos de comunidade poden relacionarse cos esforzos rexionais e multirexionais. E a utilización do excedente da sociedade, após de ter en conta as necesidades centrais das persoas, debe estar baseada nas súas decisións<sup>59</sup>.

O obxecto mesmo dun novo sistema sustentábel que é necesariamente o resultado destas innúmeras loitas (necesariamente en termos de supervivencia e de realización do potencial humano), debe ser a satisfacción das necesidades básicas materiais e inmateriais de todas as persoas, á vez que se protexe o medio ambiente global así como os ecosistemas locais e rexionais. O medio ambiente non é algo “externo” á economía humana, coma nos di a nosa ideoloxía presente; constitúe os sistemas esenciais de soporte da vida para todas as criaturas vivas. Salvar a distancia na “greta metabólica” entre a economía e o medio ambiente implica novas formas de vivir, de producir, de cultivar os alimentos, de transportar e así deseguido<sup>60</sup>. Semellante sociedade debe ser sustentábel; e a sustentabilidade require unha igualdade substantiva, enraizada nun modo de produción igualitario.

58 Ver Helen e Scott Nearing, *Vivindo a boa vida* (New York: Schocken, 1970). Scott Nearing foi durante moitos anos o autor da columna “Temas de actualidade mundial” en *Monthly Review*.

59 Ver Iain Bruce, *A Venezuela real* (Londres: Pluto Press, 2008), 139-75.

60 Sobre a greta metabólica, ver Foster, *Revolución ecolóxica*, 161-200.

Concretamente, as persoas precisan de viviren máis preto de onde traballan, en vivendas deseñadas ecoloxicamente construídas tendo en conta a eficiencia enerxética e o confort, e en comunidades deseñadas para o compromiso público, con suficientes lugares como parques e centros comunitarios, para reunírense e dispor de oportunidades de lecer. É preciso un mellor transporte público dentro e entre as cidades cara diminuíren a dependencia no uso de automóbiles e camións. O ferrocarril é de maneira significativa máis eficiente enerxeticamente cos camións para o transporte de mercadorías (413 millas [1609,33 metros] por galón [3,785 litros] por tonelada, fronte a 155 millas para os camións) e causa menos accidentes á vez que emite menores cantidades de gases de efecto invernadoiro. Un tren pode transportar as mercadorías de 280 a 500 camións. E se estima cunha liña ferroviaria pode transportar a mesma cantidade de xente que numerosas autoestradas<sup>61</sup>. A produción industrial precisa de estar baseada sobre principios de deseño e de concepción ecolóxicos, de maneira cos produtos e os edificios se deseñen cara minimizar o input enerxético, contando no maior grao posíbel coa iluminación e coa calefacción/refrixeración naturais, na facilidade de construción así como tamén nunha fácil reutilización, e asegurándose co proceso de fabricación produce pouco ou ningún residuo<sup>62</sup>.

A agricultura baseada en principios ecolóxicos e realizada por medio de granxas familiares traballando para si propias, ou en cooperativas e con animais, reunidos coa terra na que se cultivan os alimentos ten demostrado ser non só tan produtiva ou máis ca produción industrial a grande escala, senón tamén que ten un impacto menos negativo na ecoloxía local. De facto, o mosaico creado polas pequenas granxas intercaladas coa vexetación nativa resulta necesario cara preservar as especies en perigo<sup>63</sup>.

Debe atoparse unha mellor existencia para os habitantes dos suburbios e chabolas, aproximadamente 1/6 da humanidade. Para comezar, un sistema que precisa dun “planeta de suburbios”, tal coma indicou Mike Davis, ten que ser substituído por un sistema que dispoña para todos de espazo para a comida, a auga, as vivendas e o emprego<sup>64</sup>. Para moitos, isto pode significar o regreso ao traballo agrícola dispoñendo da terra, aloxamento e doutros soportes adecuados.

Deben ser necesarias as cidades máis pequenas coa xente vivindo máis preto de onde se produce o seu alimento e a industria máis dispersa e a unha escala menor.

61 C. James Kruse, et al., “Unha comparanza modal dos efectos do transporte de mercadorías interior sobre o público en xeral, Centro de Portos e Autoestradas”, Instituto de Transporte de Texas, 2007; <http://americanwaterways.com>; Páxina web de Mechanical Database, Ferrocarril versus Camións, accesíbel en <http://mechdb.com>, 17 de xaneiro de 2010.

62 William McDonough e Michael Braungart, *Cradle to cradle* (New York: North Point Press, 2002). NF: Literalmente *Do berce ao berce*. Cambio de enfoque ecoloxista a respecto do anterior das 3 Rs. Nova forma de interpretar o ecoloxismo.

63 Ver Miguel A. Altieri, “Agroecoloxía, Granxas pequenas e soberanía alimentar”, *Monthly Review* 61, nº 3 (xullo-agosto 2009), 102-13.

64 Mike Davis, *O planeta dos suburbios* (Londres: Verso, 2007).

*O obxecto mesmo dun novo sistema sustentábel ... debe ser a satisfacción das necesidades básicas materiais e inmateriais para todas as persoas, á vez que se protexe o medio ambiente global así como os ecosistemas locais e rexionais. O medio ambiente non é algo «externo» á economía humana coma nos di a nosa ideoloxía presente; constitúe os sistemas esenciais de soporte da vida para todas as criaturas vivas.*

Evo Morales, o Presidente de Bolivia, captou a esencia da situación no seu comentario respecto do cambio desde o capitalismo a un sistema que fomenta o “vivir ben” no canto do “vivir mellor”. Coma sinalou na Conferencia sobre o Clima de Copenhage en decembro de 2009: *“Vivir mellor é explotar aos seres humanos. É saquear os recursos naturais. É o egoísmo e o individualismo. Por tanto, nesas promesas do capitalismo non existe nin solidariedade nin complementariedade. Non existe reciprocidade. É por iso que estamos pensando respecto de outras maneiras de vivir a vida e vivir ben, non vivindo mellor. Vivir mellor é sempre ás costas de algún outro. Vivir mellor é ás costas da destrución do medio ambiente”*<sup>65</sup>.

As experiencias anteriores de transición a sistemas non capitalistas, especialmente nas sociedades de tipo soviético, nos indican que isto non será doado e que precisamos de novas concepcións respecto do que constitúe o socialismo, claramente distinguido destes primeiros intentos abortados. Tipicamente, as revolucións do século XX xurdiron en países relativamente pobres, subdesenvolvidos, que foron rapidamente illados e ameazados continuamente desde o exterior. Tais sociedades pos revolucionarias xeralmente remataron sendo pesadas burocracias, cunha minoría á cabeza do estado dominando realmente ao resto da sociedade. Se reproduciron moitas relacións xerárquicas do mesmo tipo que as de produción que caracterizan ao capitalismo. Os traballadores permaneceron proletarizados, mentres ca produción expandíase en aras da produción mesma. Demasiado a miúdo todas as melloras sociais reais existiron xunto con formas extremas de represión social<sup>66</sup>.

Hoxe debemos esforzármonos en construír un sistema socialista xenuíno; no que se mantén a raia á burocracia e o poder sobre a produción e a política reside realmente no pobo. Xusto como os novos desafíos aos que nos enfrentamos están mudando no noso tempo, así son as posibilidades para o desenvolvemento da liberdade e a sustentabilidade.

Cando o reverendo Jeremiah Wright falaba na reunión do sexaxésimo aniversario da *Monthly Review* en setembro de 2009, regresou ao retrouso “E a xente?”. Se existe algunha esperanza de mellorar de maneira significativa as condicións dun vasto número de habitantes do mundo, moitos vivindo sen esperanza baixo as condicións máis severas, á vez que se preserva a terra coma un planeta levadeiro, precisamos dun sistema que se pregunte constantemente: ¿E a xente? no canto de “Canto diñeiro pode facer?”. Isto é necesario, non só para os humanos, senón tamén para todas as outras especies que comparten o planeta con nosco e cuxa sorte está intimamente ligada á nosa.



<sup>65</sup> Entrevista a Evo Morales por Amy Goodman, *Democracia agora*, 17 de decembro de 2009, [http://democracynow.org/2009/12/17/bolivian\\_president\\_evo\\_morales\\_on\\_climate](http://democracynow.org/2009/12/17/bolivian_president_evo_morales_on_climate).

<sup>66</sup> Ver Paul M. Sweezy, *A sociedade pos revolucionaria* (New York: Monthly Review Press, 1980).



# O Capitalismo e a Pegada Ecolóxica

Samir Amin

MONTHLY REVIEW

Novembro, 2009

Trad. Xosé Díaz Díaz

1. *A Nosa Pegada Ecolóxica* de Mathis Wackernagel e William Rees (1996) fomentou unha faceta importante no pensamento social radical en relación coa construción do futuro.

Os autores non só definiron un novo concepto, o de *pegada ecolóxica*; tamén desenvolveron unha *métrica* para ela, cuxas unidades se definan en termos de “hectáreas globais”, que compara a capacidade biolóxica das sociedades/países (a súa aptitude para producir e reproducir as condicións de vida no planeta) co seu consumo dos recursos postos a súa disposición pola súa bio-capacidade.

As conclusións dos autores son preocupantes. A nivel global, a bio-capacidade do noso planeta é de 2,1 hectáreas globais (gha, nas siglas inglesas) per capita (é dicir, 13.200 millóns de gha considerando 6300 millóns de habitantes). Pola contra, a media global de consumo de recursos era xa, a mediados da década dos noventa, de 2,7 gha. Esta “media” enmascara un desequilibrio xigantesco. A media para a *Triada* (Europa, Norte América e Xapón) alcanzara xa un múltiplo dunha orde de catro veces sobre a media global de 2,1 gha. Unha boa proporción da bio-capacidade das sociedades do Sur é absorbida por e no beneficio destes centros.

Noutras verbas, a expansión actual do capitalismo está destruindo o planeta e á humanidade. A conclusión lóxica desta expansión é, xa o xenocidio real dos pobos do Sur, considerados coma “sobre-poboación”, ou, como mínimo, a súa reclusión nun estado de pobreza

en crecemento continuo. Estase a desenvolver un enfoque de pensamento eco-fascista que dá lexitimidade a este tipo de “solución final” do problema.

2. O interese desta obra vai alén das súas conclusións. Pois trata da cuestión dun cálculo (e utilizo “cálculo” no canto de “discurso” deliberadamente) posto en termos do *valor de uso* dos recursos do planeta, ilustrado por medio da súa medida en hectáreas globais (gha), non en dólares.

Por tanto, aporta a proba de que o valor de uso social pode ser o suxeito dun cálculo perfectamente racional. Esta proba é dunha importancia decisiva, xa que o socialismo defínese en termos dunha sociedade fundada sobre o valor de uso e non sobre o valor de cambio. E os defensores do capitalismo sempre mantiveron co socialismo é unha utopía irreal porque, segundo eles, o valor de uso non é medíbel a menos que sexa combinado co valor de cambio (definido en termos da “utilidade” na economía vulgar).

O recoñecemento do valor de uso (do que a medida das pegadas ecolóxicas non é máis cun bo exemplo) implica co socialismo debe ser “ecolóxico”; só en realidade pode ser ecolóxico coma proclama Alvater (“socialismo solar” ou “non socialismo”). Mais iso tamén implica que este recoñecemento é imposible por calquera sistema capitalista, mesmo por un “reformado”, como veremos.

3. No seu tempo, Marx non só sospeitaba da existencia deste problema. Expresouno xa a través da súa

*[A pegada ecolóxica] chega a proba de que o valor de uso social pode ser o suxeito dun cálculo perfectamente racional. Esta proba é dunha importancia decisiva xa que o socialismo defínese en termos ... do valor de uso e non sobre o valor de cambio.*

distinción rigorosa entre os valores de uso e de cambio (riqueza e valor), confundidos na economía vulgar. Explicitamente, Marx expresou que a acumulación do capital destrúe as bases naturais sobre as que se constrúe esa acumulación: o home (o traballador alienado, explotado, dominado e oprimido) e a terra (símbolo da riqueza natural ao dispor da humanidade). E calquera que sexan as limitacións desta maneira de o situar, prisioneira da súa propia época, non embarcante, significa a ilustración dunha conciencia clara do problema (máis alá dunha intuición), que merece recoñecerse.

É lamentábel, por tanto, cos ecoloxistas do noso tempo, incluídos Wackernagel e Rees con teñan lido a Marx. Isto teríalles permitido levar máis alá as súas propias propostas, comprender a súa importancia revolucionaria e, por suposto, ir alén de Marx mesmo sobre esta cuestión.

4. Esta deficiencia da ecoloxía moderna facilita a súa captura pola ideoloxía da economía vulgar que ocupa unha posición dominante na sociedade contemporánea. Esta captura está xa en proceso e, desde logo, considerabelmente avanzada.

A ecoloxía política (tal como a proposta por Alain Lipietz) estaba situada desde os seus comezos dentro da gama da esquerda política, pro-socialista. Posteriormente, os movementos “verdes” (e logo os partidos políticos “verdes”) situáronse a si propios no centro esquerda, dada a simpatía expresada coa xustiza social e internacional, a súa crítica dos “residuos” e a súa preocupación co destino dos traballadores e dos “pobres”. Mais, deixando a un lado a diversidade destes movementos, deberíamos facer notar que ningún deles estableceu unha relación rigorosa entre a dimensión socialista auténtica necesaria para enfrontarse ao desafío e o recoñecemento, non menos necesario, da dimensión ecolóxica. Para alcanzar esta relación non deberíamos ignorar a distinción riqueza/valor salientada por Marx.

A captura da ecoloxía pola economía vulgar opera a dous niveis: dunha banda, reducindo a medida do valor de uso a unha medida “mellorada” do valor de cambio e, da outra, integrando o desafío ecolóxico coa ideoloxía do “consenso”. Ambas manobras impiden unha intelixencia clara de que a ecoloxía e o capitalismo son opostos por natureza.

5. Esta captura da medición ecolóxica pola economía vulgar está facendo progresos xigantescos. Milleiros de xoves investigadores dos EEUU, e os seus imitadores en Europa, teñen sido mobilizados para esta causa. Nesta forma de pensamento, os “custos ecolóxicos” asimílanse ás economías externas. Daquela, o método vulgar de mediren o custe/beneficio en termos do valor de cambio (en si mesmo confundido co prezo de

mercado) se utiliza para definir un “prezo xusto”, que integra ás economías e deseconomías externas.

Non debería ser preciso indicar co traballo, reducido a fórmulas matemáticas, realizado nesta área tradicional da economía vulgar non nos di coma o “prezo xusto” calculado se converte no prezo corrente real de mercado. Por tanto, presúmese, que “incentivos” fiscais e doutro tipo poderían ser suficientes para ocasionar esa converxencia. Calquera proba de que semellante converxencia acontecería na realidade está totalmente ausente.

De facto, coma podemos ver, os oligopolios teñen secuestrada a ecoloxía de cara a xustificaren a apertura de novos campos para a súa expansión destrutiva. Francois Houtart aporta unha ilustración concluínte disto na súa obra sobre os bio-carburantes. Desde entón, o “capitalismo verde” converteuse nunha parte do discurso obrigatorio dos homes/mulleres da *Triada* nas posicións de poder, tanto de dereitas coma de esquerdas, e dos executivos dos oligopolios. Por suposto, a ecoloxía en cuestión axústase á visión coñecida como “sustentabilidade débil” (a noción de que para o mercado é posíbel substituíren a todos os recursos/forzas nacionais, ningún dos cales resulta indispensable para definir unha traxectoria sustentábel), noutras palabras, a mercantilización completa dos “dereitos de acceso aos recursos do planeta”. Joseph Stiglitz, no informe dunha comisión da ONU que presidiu, abrazou abertamente esta posición na Asemblea Xeral das Nacións Unidas celebrada o 24 de xuño de 2009, propoñendo “unha subhasta dos recursos mundiais (dereitos de pesca, licencias para contaminar, etcétera)”. É unha proposta que absoluta e simplemente apoia aos oligopolios na súa ambición de hipotecar inda máis o futuro dos pobos do Sur.

6. Igualmente, a captura do discurso ecolóxico pola cultura política do consenso (unha expresión necesaria da concepción do capitalismo como a fin da historia) está ben avanzada.

Esta captura segue un paso doado. Pois responde á alienación e ilusión que alimenta a cultura dominante, a do capitalismo. A un paso doado porque esta cultura é real, e mantén un lugar dominante nas mentes da maioría dos seres humanos, tanto no Norte coma no Sur.

Pola contra, a expresión das demandas dunha contracultura socialista está chea de dificultades, porque a cultura socialista non está diante dos nosos ollos. É parte do futuro a inventar, un proxecto de civilización, aberto á creatividade da imaxinación. Os eslogans (como “socialización por medio da democracia e non a través do mercado” e “transferencia do nivel decisivo da toma de decisións desde os niveis económico e político ao da cultura”) non son suficientes,

*Marx expresou que a acumulación do capital destrúe as bases naturais sobre as que se constrúe esa acumulación: o home (o traballador alienado, explotado, dominado e oprimido) e a terra (símbolo da riqueza natural ao dispor da humanidade). E calquera que sexan as limitacións desta maneira de o situar, prisioneira da súa propia época, significa a ilustración dunha conciencia clara do problema que merece recoñecerse.*

malia a súa forza cara empedraren o camiño do proceso histórico de transformación. Pois o que está en xogo é un longo proceso “secular” de reconstrución da sociedade, baseado nuns principios diferentes aos do capitalismo, tanto no Norte coma no Sur, un proceso que non se pode supoñer que transcorra “rapidamente”. Mais a construción do futuro, por moi distante que se atope, comeza hoxe.





# O Paradoxo da Riqueza: Capitalismo e Destrución Ecolóxica

John Bellamy Foster e Brett Clark

MONTHLY REVIEW

Novembro, 2009

Trad. Xosé Díaz Díaz

*O argumento central sobre o paradoxo da riqueza apareceu por vez primeira no artigo dos dous autores titulado "Ecoloxía marxista no século XXI" presentado por Clark no Simposio Internacional sobre Civilización Ecolóxica, Sanya, Hainan, China, 23 de xuño de 2009. Versións posteriores foron presentadas por Foster na Conferencia sobre Marxismo 2009, Universidade de Londres, 4 de xullo de 2009, e na Mini-conferencia de Política Económica do Sistema Mundial, Universidade de San Francisco, 7 de agosto de 2009.*

## Limiar

Presuntamente, a economía ortodoxa actual está sendo aproveitada cara unha finalidade completamente nova: salvar ao planeta da destrución ecolóxica efectuada pola expansión capitalista. Promete lograren isto a través dunha maior expansión do mesmo capitalismo, purificado dos seus excesos e excrecencias. Un exército crecente de auto-nomeados "promotores dun desenvolvemento sustentábel" argumenta que non existe contradición entre a acumulación ilimitada do capital, o credo do liberalismo económico desde Adam Smith até o presente, e a preservación da terra. O sistema pode continuar expandíndose por medio da creación dun novo "capitalismo sustentábel", aplicando a eficiencia do mercado sobre a natureza e a súa reprodución. Na realidade, estas visións equivalen a pouco máis cunha estratexia anovada cara beneficiarse da destrución planetaria.

Detrás desta traxedia-con-farsa está unha contabilidade deformada, profundamente enraizada no fun-

cionamento do sistema que contempla a riqueza exclusivamente en termos do valor xerado a través do intercambio. En tal sistema, unicamente contan realmente as mercadorías para a venda no mercado. A natureza externa, o auga, o ar, as especies viventes, fóra deste sistema de cambio, míranse como un "regalo libre, de balde". Unha vez postas semellantes anteolleiras, cabe falar, coma o fai o principal economista ambiental ianqui, William Nordhaus, dun crecemento da economía relativamente libre, sen estorbos, por un século máis ou menos a partir de agora, baixo unhas condicións de actividade coma as actuais, normais, malia o feito de que os principais científicos ambientais vén o continuar nesas condicións e sobre o mesmo período de tempo como absolutamente catastrófico, tanto para a civilización humana como para a vida sobre o planeta coma un todo<sup>1</sup>.

Estas predicións, amplamente dispares, entre os economistas da corrente dominante, os economistas convencionais, e os científicos da natureza, débense ao feito de que, no cálculo normal do sistema capitalista, tanto a contribución da natureza á riqueza como a destrución das condicións naturais son, na súa maior parte, invisíbeis. Illados nos seus abrochos, os economistas ortodoxos ben implicitamente negan por completo a existencia da natureza, ou asumen que debe estar completamente subordinada a fins estreitos e cobizosos.

*Un exército crecente de auto-nomeados "promotores do desenvolvemento sostíbel" argumentan que non existe contradición entre a acumulación ilimitada do capital, ... e a preservación da terra.*

<sup>1</sup> Ver a discusión da postura de Nordhaus sobre o cambio climático en "O Capitalismo no País das Marabillas" de Richard York, Brett Clark e John Bellamy Foster, *Monthly Review* 61, nº 1 (maio 2009), 4-5.

Este defecto fatal da economía aceptada maioritariamente pódesele seguir a pista desde os seus fundamentos conceptuais. O ascenso da economía neoclásica a finais do século XIX e comezos dos XX frecuentemente é asociada co rexeitamento da teoría do valor da economía política clásica e o co seu remprazamento polas nocións de utilidade marxinal/productividade. Porén, o que raras veces se recoñece é que, ao mesmo tempo, outra perspectiva crítica foi abandonada: a distinción entre riqueza e valor (entre o valor de uso e o valor de cambio). Con isto estragouse a posibilidade dunha concepción ecolóxica e social máis ampla da riqueza. Estas anteolleiras da economía ortodoxa, excluindo a maior parte do mundo natural e humano, foron desafiadas por figuras que ocuparon o que John Maynard Keynes denominou os “infernos” da economía. Isto abrangue a críticos coma James Maitland (o conde de Lauderdale), Karl Marx, Henry George, Thorstein Veblen e Frederik Soddy. Hoxe, nun momento de destrución medioambiental ilimitada, estas visións heterodoxas están regresando<sup>2</sup>.

## O Paradoxo de Lauderdale

As contradicións ecolóxicas da ideoloxía económica predominante explícanse máis doadamente en termos do que na historia da economía se coñece coma o “paradoxo de Lauderdale”. James Maitland, o octavo conde de Lauderdale (1759-1839), foi o autor de *Unha Investigación sobre a Natureza e a Orixe da Riqueza Pública e sobre os Medios e Causas do seu Incremento* (1804). No paradoxo co que o seu nome está asociado, Lauderdale argumentou que existía unha correlación inversa entre a riqueza pública e a riqueza privada de tal maneira co incremento da última a miúdo servía para diminuíren a primeira. A “riqueza pública” escribiu, “pode ser definida exactamente, consiste de todo o que o home desexa, como útil ou delicioso para el”. Tais bens teñen valor de uso e por tanto constitúen riqueza. Mais a riqueza privada, coma oposta á riqueza, requiría de algo adicional (isto é, tiña unha limitación engadida), que consistía “de todo o que o home desexa como útil ou delicioso para el; que exista nun grao de escaseza”.

Noutras palabras, a escaseza é un requisito necesario para que algo teña valor no cambio, e para aumentar a riqueza privada. Mais este non é o caso da riqueza pública, que abrangue todo valor de uso, e inclúe, por tanto, non soamente ao que é escaso senón tamén o que é abundante. Este paradoxo levou a Lauderdale a soste co incremento na escaseza dos elementos antigamente abundantes, mais necesarios para a vida, coma o ar, o auga e o alimento, logo de lles atribuír valores de cambio, mellorarían a riqueza privada individual, e por tanto, a riqueza do país, concibida como “a suma total da riqueza individual”, mais soamente ás

costas da riqueza común. Por exemplo, se un puidese monopolizaren o auga que previamente estaba dispoñible libremente, ao pór un prezo nos pozos, a medida da riqueza da nación se incrementaría a expensas da sede crecente da poboación.

Lauderdale afirmou “*co sentido común da humanidade sentiría repugnancia*” de calquera proposta para aumentar a riqueza privada “*creando unha escaseza de calquera produto básico xeralmente útil e necesario para o home*”. Emporiso, estaba ao tanto de que a sociedade burguesa na que xa vivía, estaba facendo de moitas maneiras algo desa mesma caste. Explicaba que, particularmente nos períodos fértiles, os colonialistas holandeses queimaron as “especies” ou lles pagaron aos nativos por “*recoller flores xoves ou follas verdes dos árbores de noz moscada*” cara exterminais; e que nos anos abondosos “os colonos colleiteiros de tabaco en Virxinia”, a través dunha promulgación legal, queimaban “*unha certa proporción de tabaco*” por cada escravo que traballaba nos seus campos. Estas prácticas eran deseñadas para incrementar a escaseza, aumentando a riqueza privada (e a riqueza duns poucos) mediante a destrución do que constituía a riqueza pública, neste caso, o produto da terra. “*Realmente é así como entendían este principio aqueles cuxos intereses levábanos a tomar vantaxe disto*”, escribiu Lauderdale, “*que nada senón a imposibilidade dunha combinación xeral protexe á riqueza pública contra da rapacidade da avaricia privada*”<sup>3</sup>.

Desde o principio, a riqueza, coma oposta ás meras riquezas, estivo asociada na economía política clásica co que John Locke denominou “valor intrínseco” e o que máis tarde os economistas políticos chamaban “valor de uso”<sup>4</sup>. Por suposto, os valores de uso materiais existían desde sempre e constituían a base da existencia humana. Mais os produtos producidos baixo o capitalismo para a súa venda no mercado tamén encarnaron ou incorporaron algo diferente: o valor de cambio (ou valor). Por tanto, cada mercadoría era vista coma posuíndo un “duplo aspecto”, consistente no valor de uso e no valor de cambio<sup>5</sup>. O Paradoxo de Lauderdale non é máis ca expresión deste aspecto duplo valor de uso/valor, que xeraba a contradición entre a riqueza pública total (a suma dos valores de

3 James Maitland, Conde de Lauderdale, *Unha pesquisa sobre a Natureza e Orixe da Riqueza Pública e sobre os Medios e Causas do seu Incremento* (Edimburgo: Archibald Constable and Co. 1819), 37-59, e *Notas de Lauderdale sobre Adam Smith*, ed. Chuhei Sugiyama (New York: Routledge, 1996), 140-41. Lauderdale estaba máis preto a Malthus dentro da política económica clásica, mais en xeral, rexeitou a teoría do valor clásica, salientando os tres factores da produción (terra, traballo e capital). Marx, que tomou a Ricardo como a súa medida de economía política burguesa, tiña, por tanto, pouco interese xenuino por Lauderdale como teórico, agás do sentido último da contradición entre o valor de uso e o valor de cambio. Ademais, a crítica devastadora de Lauderdale da persecución das riquezas privadas ás costas da riqueza pública fíxolle ganar a posición como unha das máis grandes voces disidentes na historia da economía.

4 Robert Brown, *A Natureza das Leis Sociais* (Cambridge: Cambridge University Press, 1984), 63-64.  
5 Karl Marx, *Contribución á Crítica da Política Económica* (Moscu: Progress Publishers, 1970), 27. Neste artigo, por razóns de simplicidade, non fai explicitamente a distinción entre *Valor de cambio* e a súa base en *valor* (traballo abstracto), tratándoos coma basicamente sinónimos dentro dos límites da súa discusión.

Lauderdale afirmou “*co sentido común da humanidade sentiría repugnancia*” de calquera proposta para aumentar a riqueza privada “*creando unha escaseza de calquera produto básico en xeral útil e necesario para o home*”. Emporiso, estaba ao tanto de que a sociedade burguesa na que xa vivía, estaba facendo de moitas maneiras algo desta mesma caste.

2 John Maynard Keynes, *A Teoría Xeral do Emprego, o Interese e o Dineiro* (Londres: Macmillan, 1973), 32.

uso) e a agregación das riquezas privadas (a suma dos valores de cambio).

David Ricardo, o máis grande dos economistas políticos clásicos liberais, respondeu ao paradoxo de Lauderdale subliñando a importancia de manteren a riqueza e o valor (o valor de uso e o valor de cambio) coma conceptualmente inconfundíbeis. En conformidade con Lauderdale, Ricardo insistiu en que se a auga, ou algún outro recurso natural anteriormente dispoñíbel libremente, adquiría un valor de cambio por mor do crecemento da súa escaseza absoluta, estaríamos na presenza dunha “perda real de riqueza” que reflectía a perda dos valores de uso naturais, ben que cun incremento das riquezas privadas<sup>6</sup>.

En contraste, o principal seguidor francés de Adam Smith, Jean Baptiste Say, quen foi un dos precursores da economía neoclásica, respondeu ao paradoxo de Lauderdale simplemente eliminando a súa definición. Argumentou que a riqueza (valor de uso) debería subsumirse no valor (valor de cambio), de facto, eliminando á primeira. Así nas súas *Cartas a Malthus sobre Economía Política e o Estancamento no Comercio* (1821) Say opúxose “á definición de riqueza que facía Lauderdale”. Do punto de vista de Say, era absolutamente esencial abandonar por completo a identificación da riqueza co valor de uso. Tal coma escribiu:

“Adam Smith, logo de ter observado que existían dous tipos de valores, o valor de uso e o valor de cambio, abandonou por completo ao primeiro, ocupándose por enteiro ao longo de todo o seu libro unicamente no valor de cambio. Isto é o que vostede mesmo ten feito Señor [dirixíndose a Malthus]; o que Mr. Ricardo fixo; o que eu teño feito; o que todos fixemos: por esta razón non existe ningún outro valor na economía política ... [Consecuentemente,] a riqueza consiste no valor das cousas que posuímos; confinando esta palabra valor ao o único valor de cambio admitido”.

Say non negou que existiran “cousas que, desde logo, son riqueza natural moi preciosa para o home, mais non son as desta caste as que poden ser utilizadas pola economía política”. Pois a economía política estaba a abranger no seu concepto de valor nada mais co valor de cambio, o que implicaba o desprazamento total do concepto de riqueza (valor de uso), A riqueza natural ou pública, en tanto que oposta ao valor de cambio, quedou fóra de consideración<sup>7</sup>.

En ningunha parte da economía política liberal creou o Paradoxo de Lauderdale máis circunvolucións que no que Marx denominou o “sincretismo baleiro” de

John Stuart Mill<sup>8</sup>. Os *Principios de Economía Política* de Mill (1848) case parecían derrubarse ao comezo sobre esta base única. Nas “Observacións Preliminares” do seu libro, Mill declara (despois de Say) que “a riqueza, entón, pode definirse coma todas as cousas útiles e agradábeis que posúen valor de cambio”, por conseguinte, reducindo no esencial a riqueza ao valor de cambio. Mais o eclecticismo característico de Mill e as súas raiceiras clásicas o levaron asemade a expoñer a tremenda irracionalidade disto, minando o seu propio argumento. Por tanto, podemos atopar na mesma sección un tratamento penetrante do Paradoxo de Lauderdale, ao sinalar o conflito entre a acumulación do capital e a riqueza das persoas correntes. Segundo Mill: “Aquelas cousas polas que non pode obterse nada a cambio, por moi útiles e necesarias que sexan, non son riqueza no sentido en que emprega este termo a economía política. O ar, por exemplo, aínda ca é absolutamente necesario, non ten prezo no mercado, porque pode obterse de balde. A acumulación dunha grande masa del non aproveitaría a ninguén e as leis da súa produción e distribución son obxecto dun estudo moi diferente ao da economía política. Pois se ben o ar non é riqueza, a humanidade é moito máis rica polo feito de o obter gratis, xa que pode dedicar a outros fins o tempo e o traballo que necesitaría para satisfacer a máis urxente das necesidades. É posíbel imaxinaren circunstancias nas que o ar formaría parte da riqueza. Se fose costume permaneceren moito tempo en lugares nos que o ar non penetra de maneira natural, como nas campás de buzo afundidas no mar, unha provisión de ar subministrada por medios artificiais tería, coma a auga que se leva ás casas, un prezo; e se por calquera cataclismo da natureza, a atmosfera se fixera demasiado escasa para o consumo xeral, ou se monopolizara, o ar adquiriría un prezo moi alto no mercado. En tal caso, a posesión de ar en maior cantidade da indispensable para satisfacer as súas propias necesidades sería riqueza para o seu propietario e, a primeira vista, a riqueza xeral da humanidade parecería aumentada por aquilo que na realidade constituiría unha grande calamidade. O erro consistiría en non ter en conta que por moi rico que se fixer o propietario do ar a expensas do resto da humanidade, todas as demais persoas serían máis pobres na cantidade que se viran obrigadas a pagar por aquilo que denantes obtían de balde<sup>9</sup>”.

Mill sinalaba aquí, en conformidade con Lauderdale, a posibilidade dunha enorme greta nas economías capitalistas entre a busca estreita de riquezas privadas sobre unha base progresivamente monopolista, e a riqueza pública da sociedade e das persoas correntes. Emporiso, e malia estas percepcións penetrantes, Mill bloqueou a discusión con estas “Observacións Preliminares” rexeitando o Paradoxo de Lauderdale no seu final, o definir a riqueza simplemente coma valor de cambio. O que Say dixo con relación á *Riqueza das Nacións* de Smith, que estaba ocupado por completo

En contraste, o principal seguidor francés de Adam Smith, Jean Baptiste Say, que foi un dos primeiros precursores da economía neoclásica, respondeu ao paradoxo de Lauderdale simplemente eliminando a súa definición. Argumentou que a riqueza (valor de uso) debería subsumirse no valor (valor de cambio), de facto, eliminando a primeira.

6 David Ricardo, *Principios de Economía Política e Tributación*, vol. 1 *Obras e Correspondencia de David Ricardo* (Cambridge: Cambridge University Press, 1951), 276-87; George E. Foy, “Riqueza Pública e riquezas privadas”, *Revista de Economía Inter-disciplinar* 3 (1989): 3-10.

7 Jean Baptiste Say, *Cartas a Thomas Robert Malthus sobre Economía Política e Estancamento do Comercio* (Londres: G. Harding’s Bookshop, Ltd., 1936), 68-75.

8 Karl Marx, *O Capital*, vol 1 (Londres: Penguin, 1976), 98.

9 John Stuart Mill, *Principios de Economía Política con algunhas das súas aplicacións á Filosofía Social* (New York: Longmans, Green, and Co., 1904), 4, 6.



“ao longo de todo libro [despois das súas definicións iniciais] unicamente co valor de cambio”, pode, por conseguinte, aplicárselle tamén aos *Principios de Economía Política* de Mill<sup>10</sup>. A natureza non se trataba como riqueza senón coma algo ofrecido “de balde”, isto é, coma un obsequio desde o punto de vista do cálculo do valor capitalista.

### Marx e o Paradoxo de Lauderdale

En oposición a Say e Mill, Marx, ao igual que Ricardo, non só mantivo con firmeza o Paradoxo de Lauderdale senón que tamén fixo o seu propio, ao insistir que as contradicións entre os valores de uso e de cambio, riqueza e valor, eran intrínsecos á produción capitalista. Na *Miseria da Filosofía* respondía ao tratamento confuso de Proudhon (na *Filosofía da Miseria*) sobre a oposición entre o valor de uso e o valor de cambio sinalando que esta contradición fora explicada moi radicalmente por Lauderdale, quen tiña “fundado o seu sistema sobre a relación inversa das dúas clases de valores”. Por suposto, Marx constrúe en grande parte a súa crítica radical da economía política ao redor da contradición entre os valores de uso e de cambio, indicando que isto era un dos compoñentes claves da súa argumentación no *Capital*. Baixo o capitalismo, insistiu, a natureza era explotada con rapacidade polo valor de cambio: “a terra é o depósito ou reserva de cuxas entrañas son arrancados os valores de uso<sup>11</sup>”.

Esta posición estaba estreitamente relacionada co intento de Marx de considerar a economía capitalista, simultaneamente, en termos das súas relacións de valor económico e as súas transformacións materiais da natureza. Por tanto, Marx foi o primeiro grande economista en incorporaren as novas nocións de enerxía e entropía, derivadas da primeira e segunda leis da termodinámica, na súa análise da produción<sup>12</sup>. Isto pode ser visto no seu tratamento da greta metabólica, a destrución do metabolismo entre os seres humanos e a terra, causada polo transporte de alimento e fibras á cidade, mentres cos nutrientes retirados do solo no canto de regresar á terra remataban por contaminar o ar e a auga. Nesta concepción, tanto a natureza coma o traballo eran roubados, posto que ambos eran privados das condicións vitais para a súa reprodución: nin o “ar limpo” e a auga senón o ar e a auga “contaminados”, sostíña Marx, tíñanse convertido no modo de existencia do traballador<sup>13</sup>.

10 Mill parece escaparse destes límites moi brevemente no seu libro, na súa famosa discusión do estado estacionario. Ver Mill, *Principios de Economía Política*, 452-55.

11 Karl Marx, *Miseria da Filosofía* (New York: International Publishers, 1964), 35-36, e *Teorías da Plusvalía* (Moscu: Progress Publishers, 1968), parte 2, 245; Karl Marx e Frederick Engels, *Correspondencia seleccionada* (Moscu: Progress Publishers, 1975), 180-81 (Marx a Engels, 24 de agosto de 1867).

12 Ver Paul Burkett e John Bellamy Foster, “Metabolismo, Enerxía e Entropía na Crítica de Marx da Economía Política”, *Teoría e Sociedade* 35, nº 1 (febreiro 2006): 109-56, e “O Mito de Podolsky”, *Materalismo Histórico* nº 16 (2008): 115-61; John Bellamy Foster e Paul Burkett, “Marxismo Clásico e a Segunda Lei da Termodinámica”, *Organización e Medio Ambiente* 21, nº 1 (marzo 2008): 1-35.

13 Karl Marx, *Escritos temperás* (New York: Vintage, 1974), 359-60.

A análise de Marx da destrución da riqueza da natureza provocada pola acumulación é máis evidente no seu tratamento da renda da terra capitalista e a súa relación coa agricultura industrial. Ricardo fundamentaba a súa teoría da renda agrícola “nos poderes orixinais e indestrutíbeis da terra”; Marx replicou que “a terra non ten poderes indestrutíbeis”, no senso de que podería ser degradada, isto é, suxeita a condicións de destrución ecolóxica. É aquí no tratamento de Marx da agricultura capitalista no que se fusionan a greta metabólica e o Paradoxo de Lauderdale dentro da súa crítica global. Tamén é aquí, que se refire frecuentemente á *sustentabilidade* coma un requisito material para calquera sociedade futura, a necesidade de protexeran a terra para “as xeracións vindeiras”. Unha condición de *sustentabilidade*, insistiu, é o recoñecemento de que ninguén (nin sequera unha sociedade enteira ou todas as sociedades en conxunto) é propietario da terra, que debe preservarse para as xeracións futuras de acordo cos principios de boa xestión doméstica. Para que sexa posíbel unha relación sustentábel entre a humanidade e a terra baixo as condicións modernas, a relación metabólica entre os seres humanos e a natureza precisa de ser regulada racionalmente polos produtores asociados de acordo coas súas necesidades e os das xeracións futuras. Isto significa que as condicións esenciais da vida e a enerxía implicadas neses procesos precisaba da súa conservación<sup>14</sup>.

Poucas cousas eran máis importantes, do punto de vista de Marx, que a abolición dos grandes monopolios privados da terra que separaban á maioría da sociedade de: (1) unha relación directa coa natureza, (2) a terra coma un medio de produción, e (3) unha relación comunal coa terra. Por tanto, gozaba sacando extensas citas do capítulo “O Dereito ao Uso da Terra” da obra *Estática Social* (1851) de Herbert Spencer. Nel, Spencer declaraba abertamente: “A equidade ... non autoriza a propiedade da terra, ou o resto viviría sobre a terra só a desgusto... É imposible descubrir ningún xeito no que a terra poda converterse en propiedade privada ... A demanda da posesión exclusiva da terra implica o despotismo dos terratenentes”. A terra, insistía Spencer pertence correctamente, “a unha grande corporación, a sociedade”. Os seres humanos eran os “coherdeiros” á terra<sup>15</sup>.

Aínda que Marx mirara habitualmente a natureza desde unha perspectiva exclusivamente humana, en termos de mantemento de valores de uso, tamén se referiu ás veces ao dereito da natureza a non se ver

14 Karl Marx, *O Capital*, vol. 3 (Londres: Penguin, 1981), 911, 959, e *Teorías sobre a Plusvalía*, parte 2, 245. Para unha discusión da greta metabólica ver John Bellamy Foster, *A Revolución Ecolóxica* (New York: Monthly Review Press, 2009), 161-200.

15 Karl Marx, *Informes para o New York Tribune* (Londres: Penguin, 2007), 128-29; Herbert Spencer, *Estática Social* (New York: D. Appleton and Co., 1865), 13-44. Herbert Spencer retractouse destes puntos de vista a comezos de 1892, o que levou a Henry George a polemizar contra del en *Un Filósofo Perplexo* (New York: Charles L. Webster & Co., 1982). Ver tamén George R. Geiger, *A Filosofía de Henry George* (New York: Macmillan, 1933), 285-335.

Marx constrúe, en grande parte, a súa crítica radical da economía política ao redor da contradición entre os valores de uso e de cambio, indicando que isto era un dos compoñentes claves da súa argumentación no *Capital*. Baixo o capitalismo insistiu, a natureza era explotada con rapacidade polo valor de cambio: “a terra é o depósito de cuxas entrañas son arrancados os valores de uso”.

reducida a unha simple mercadoría. Deste xeito, citaba a famosa obxección de Thomas Münzer de que, na sociedade burguesa en desenvolvemento, “todas as criaturas teñen sido convertidas en propiedade, o peixe no auga, os paxaros no ar, as plantas na terra, por tanto, todas as cousas vivas deben facerse libres<sup>16</sup>”.

### A Ecoloxía e a Teoría do Valor Traballo

Ironicamente, os pensadores verdes (tanto non socialistas coma socialistas) acusan a miúdo de que a teoría do valor traballo, a que se adheriu Marx na súa crítica do capitalismo, pono en oposición directa á caste de análise de valor ecoloxicamente ben informado que se necesita hoxe. En *O Pequeno é Fervoso* E.F. Schumacher observou que, na sociedade moderna, existe unha inclinación “a tratar como sen valor todas as cousas que non fabricamos nós mesmos. Incluso o grande Dr. Marx caeu neste erro tremendo canda formulou a denominada ‘teoría do valor traballo’”. Luiz Barbosa, colaborador dunha recente colección sociolóxica medio ambiental, escribiu que Marx “cria que as materias primas dábanse nos gratis (de balde) pola natureza e que é o traballo humano o que lles dá valor. Por tanto, Marx non se deu conta do valor intrínseco da natureza”. O eco-socialista Jean-Paul Deléage queixábase de que, ao faceren o traballo a única fonte de valor, Marx “non atribúe ningún valor intrínseco aos recursos naturais”. O ecoloxista social Matthew Humphrey dá creto ao punto de vista de que “a suxeición de Marx á teoría do valor na que a natureza non humana se percibe coma sen valor” pode tomarse como unha indicación da “súa perspectiva antropocéntrica<sup>17</sup>”.

Sobre isto, é importante comprenderen que certas categorías conceptuais que utiliza Marx na súa crítica da economía política, tal como a natureza coma “un obsequio” e a mesma teoría do valor traballo, foron invencións da economía política clásica liberal que foron integradas na crítica de Marx da economía política clásica, na medida na que nelas se exhibían as tendencias reais e as contradicións do sistema. Marx empregou estes conceptos nun razoamento que reivindicaba o transcender a sociedade burguesa e as súas categorías sociais limitadas. A idea de que a natureza era un “obsequio” a explotar, foi avanzado explicitamente polos fisiócratas e por Adam Smith, Thomas Malthus, David Ricardo e John Stuart Mill, moi anteriores a Marx<sup>18</sup>. Ademais, ten sido perpetuado pola economía dominante moito logo de Marx. Aínda aceptándoo

coma unha realidade da economía política burguesa, Marx era, non embargante, ben consciente das contradicións sociais e ecolóxicas incrustadas en semellante visión. Así, nos seus *Manuscritos Económicos de 1861-63* atacou repetidamente a Malthus por botar man desta “noción fisiocrática” do medio natural coma “un regalo da natureza ao home”, mentres fracasaba en recoñecer que a apropiación concreta da natureza para a produción, e todo o marco de valor construído sobre isto na sociedade capitalista, estaba, de facto, asociado con relacións sociais historicamente determinadas<sup>19</sup>. Para Marx, coa súa énfase na necesidade de protexeren a terra para as xeracións futuras, a expropiación capitalista do medio ambiente coma un obxecto libre apuntaba simplemente á contradición entre a riqueza natural e un sistema de acumulación do capital que a “roubaba” sistematicamente.

Porén, xa que o tratamento da natureza coma un “obsequio” era intrínseco ao funcionamento da economía capitalista, continuou sendo incluído coma unha *propensión básica da economía neoclásica subxacente*. Era repetida coma un axioma na obra do grande economista neoclásico de finais do século XIX, Alfred Marshall, e continuo a ser promovida polos libros de texto da economía ortodoxa. De aí que a décima edición (1987) do libro de texto introdutorio de economía utilizado amplamente, de Campbell McConnell, di o seguinte: “A terra refírese a todos os recursos naturais, todos ‘obsequio da natureza’, que son utilizábeis no proceso de produción”. E máis adiante no mesmo libro atopamos: *A terra non ten custo de produción; é un ‘obsequio non reproducíbel da natureza’<sup>20</sup>*. Por suposto, é tan crucial esta noción da economía neoclásica que continúa perdurando na economía medioambiental dominante. Por exemplo, Nick Hanley, Jason F. Shogren e Ben White afirman na súa influente *Introdución á Economía Medioambiental* (2001) que “o capital natural comprende todos os obsequios [de balde] da natureza<sup>21</sup>”.

Críticos verdes, equipados cun escaso coñecemento da economía política clásica (ou da economía neoclásica), a miúdo enfocan negativamente a adherencia de Marx á teoría do valor traballo, a noción de que só o traballo xera valor. Mais é importante lembrarse de que a teoría do valor non estaba limitada a crítica de Marx á economía política senón que constituíu a *base enteira* da economía política clásica liberal.

As concepcións erradas que sinalan a unha natureza anti-ecolóxica da teoría do valor traballo xorden por mor da confusión das categorías de *valor* e de *riqueza*, xa que, na economía admitida, dominante, ambos os dous trátanse coma sinónimos. Non era outra cousa

A idea de que a natureza era un “obsequio” a explotar, foi avanzado explicitamente polos fisiócratas e por Adam Smith, Thomas Malthus, David Ricardo e John Stuart Mill, moi anteriores a Marx. Ademais, ten sido perpetuado pola economía dominante moito logo de Marx. Aínda aceptándoo coma unha realidade da economía política burguesa, Marx era, non embargante, ben consciente das contradicións sociais e ecolóxicas incrustadas en semellante visión.

16 Marx, *Escritos Temperais*, 239; Thomas Münzer, *Traballadores reunidos* (Edinburgo: T & T Clark, 1988), 335.

17 E.F. Schumacher, *O Pequeno é Fervoso* (New York: Harper e Row, 1973), 15; Luis C. Barbosa, “Teorías de Socioloxía Medio Ambiental”, en Kenneth A. Gould e Tammy Lewis, eds., *Vinte Leccións de Socioloxía Medio Ambiental* (Oxford: Oxford University Press, 2009), 28; Jean-Paul Deléage, “Crítica Eco-marxista da Economía Política”, en Martin O’Connor, ed., *É o Capitalismo Sustentábel?* (New York: Guilford, 1994), 48; Matthew Humphrey, *Preservación versus Persoas?* (Oxford: Oxford University Press, 2002), 131-41.

18 Thomas Malthus, *Panfletos* (New York: Augustus M. Kelley, 1970), 185; Ricardo, *Principios de Economía Política*, 76, 287; Paul Burkett, *Marxismo e Economía Ecolóxica* (Boston: Brill, 2006), 25-27, 31, 36.

19 Marx e Engels, *Obras Escollidas* (New York: International Publishers, 1975), vol. 34, 443-507.

20 Campbell McConnell, *Economía* (New York: McGraw Hill, 1987), 20, 672; Alfred Marshall, *Principios de Economía* (Londres: Macmillan and Co, 1895), capítulo 2.

21 Nick Hanley, Jason F. Shogren e Ben White, *Introdución á Economía Medio Ambiental* (Oxford: Oxford University Press, 2001), 135.

mais co Paradoxo de Lauderdale, coma vimos, o que levou a Say. Mill e a outros a abandonar a categoría autónoma de riqueza (valor de uso), axudando con ilo a establecer o escenario para a tradición da economía neoclásica que estaba a vir. Na lóxica capitalista, non existe ningún problema a respecto de que a natureza non tiña valor (é dicir, era un obsequio, unha doación, un regalo de balde). O problema, mais ben, era como se desfacer do concepto de riqueza, en tanto que distinto de valor, polo marco nuclear da economía, dado que iso proporcionaba a base dunha perspectiva crítica, e do que poderíamos chamar agora perspectiva “ecolóxica”.

Marx, coma sinalamos, resistiu firmemente ese botar pola borda da distinción entre riqueza-valor, indo tan aló como para criticar a outros socialistas no caso de aceptaren a concepción errónea de que “valor equivale a riqueza”. Argumentaba que se o traballo humano era a única fonte do valor, a única que se convertía na base do valor baixo o capitalismo, a natureza era outra fonte indispensábel de riqueza. Aqueles que, caendo vítimas do fetichismo das mercadorías na análise do valor capitalista, que vén o traballo como a única fonte de riqueza estaban así atribuíndo un “poder creativo supernatural” ao traballo. “O traballo”, declarou Marx ao principio da súa *Crítica ao Programa de Gotha*, “non é a fonte de toda riqueza. A Natureza é a fonte dos valores de uso (que son os que verdadeiramente integran a riqueza material!), nin máis nin menos co traballo, que non é máis ca manifestación dunha forza natural, da forza de traballo do home”. Ao comezo do *Capital*, cita a William Petty, o fundador da economía política clásica, quen dixera, “o traballo é o pai da riqueza material, a terra é a súa nai<sup>22</sup>”. Insistía Marx en que “o home e a natureza eran os dous organismos orixinais” na creación da riqueza, os cales “continúan a cooperar”. O fracaso do capitalismo na incorporación da natureza na súa contabilidade do valor, e a súa tendencia a confundiren o valor coa riqueza, eran contradicións fundamentais do réxime do capital mesmo. Paul Burkett ten escrito cos “que bótanlle a culpa a Marx por non incorporaren a natureza no valor deberían re-dirixiren as súas críticas ao propio capitalismo<sup>23</sup>”.

Ao igual que Lauderdale, só que cunha forza e consistencia moito maior, Marx mantivo co capitalismo era un sistema baseado na acumulación do valor, incluso a expensas da riqueza real (incluído o carácter social do traballo humano mesmo). O capitalista, sinalou Marx, adoptaba como a súa relación co mundo: “Après moi le déluge!” [Logo de min o diluvio!]<sup>24</sup>. Ou, coma observaba a miúdo o capital tiña unha relación vampirizante coa natureza, isto é, representaba unha caste de morto vivinte mantido grazas á succión da sangue do mundo<sup>25</sup>.

22 Karl Marx, *Crítica do Programa de Gotha* (New York: International Publishers, 1938), 3; *O Capital*, vol. I, 134.

23 Paul Burkett, *Marx e a Natureza* (New York: St. Martin's Press, 1999), 99.

24 Karl Marx, *Crítica do Programa de Gotha*, 3, e *O Capital*, vol. I, 133-34, 381, 751-52; Paul Burkett, *Marx e a Natureza*, 99.

25 Sobre a utilización por Marx da metáfora do vampiro, ver Mark Neocleous, “A Economía Política da Morte: Os Vampiros de Marx”, *Historia do Pensamento Económico* 24, nº 4 (Inverno 2003), 668-84.

## Os Economistas Inxenuos e os seus Críticos

Porén, toda a concepción clásica da riqueza, que tiña alcanzado o seu cumio nas obras de Ricardo e Marx, ía a experimentaren un envorco co xurdimento da economía neoclásica. Isto pode verse na obra de Carl Menger, un dos fundadores da escola austríaca de economía e, mais en xeral, da economía neoclásica. Nos seus *Principios de Economía* (1871, publicados só catro anos despois do *Capital* de Marx), Menger atacou o Paradoxo de Lauderdale directamente (por suposto, a referencia a isto coma un “paradoxo” puido orixinarse con el), sostendo a opinión de que era “impresionante en extremo á primeira vista” mais estaba baseada nunhas distincións falsas. Para Menger, era importante rexeitaren tanto o valor de uso coma o de cambio e a distinción entre riqueza e valor. A riqueza estaba baseada no intercambio, e era agora mirada coma enraizada na utilidade subxectiva. Contestando tanto a Lauderdale como a Proudhom, insistiu en que a produción deliberada de escaseza na natureza era beneficiosa (para o capital). Por suposto, tendo a Lauderdale en mentes, mantivo que tería sentido alentaren a “diminución continuada duradeira dos bens dispoñíbeis abundantemente (non económicos) [(por exemplo, o ar, a auga, as paisaxes naturais) dado que isto] faríaos finalmente escasos nalgunha medida, e con iso aos compoñentes da riqueza, que, por conseguinte, medraría”. No mesmo estilo, Menger afirmou que sería posíbel converter finalmente a auga mineral nun ben económico por mor da súa escaseza. O que Lauderdale presentou coma un paradoxo ou mesmo un maleficio, a promoción das riquezas privadas por medio da destrución da riqueza pública, Menger, un dos precursores do neoliberalismo na economía, veuno coma unha finalidade en si mesma<sup>26</sup>.

Este intento de eliminar da economía o paradoxo da riqueza levou ás acusacións mordaces de Henry George, Thorstein Veblen e Frederick Soddy, xunto con outros dentro do mundo baixo da economía. No seu éxito editorial *Progreso e Pobreza* (1879), George salientou con firmeza a importancia de reteren un concepto social da riqueza: “Moitas cousas consideradas comunmente coma riqueza, ao tomar en conta a riqueza xeral ou colectiva non poden considerarse como riqueza en absoluto. Tais cousas teñen un valor de cambio ... xa que representan tanto entre individuos como entre grupos de individuos, o poder de obter riqueza; mais non son realmente riqueza [desde un punto de vista social], na medida na que o seu incremento ou diminución non afecta á suma da riqueza. Tal é o caso dos bonos, hipotecas, compromisos de pagamento, letras bancarias, ou outras estipulacións cara a transferencia da riqueza. Tal son os escravos, cuxo valor representa simplemente o poder dunha clase de apropiarse das ganancias doutra. Tal son as terras, ou outras oportunidades naturais, cuxo

26 Carl Menger, *Principios de Economía Política* (Auburn, Alabama: Instituto de Ludwig von Mises, 2007), 110-11. Para puntos de vista relacionados ver Eugene Bohm-Bawerk, *Capital e Interese* (South Holland, Illinois: Libertarian Press, 1959), 127-34.

Aqueles que, caendo vítimas do fetichismo das mercadorías da análise do valor capitalista, que vén o traballo como a única fonte de riqueza estaban atribuíndo así un “poder creativo supernatural” ao traballo. “O traballo”, escribiu Marx ao comezo da súa *Crítica ao Programa de Gotha*, “non é a fonte de toda riqueza. A Natureza é a fonte dos valores de uso (que son os que verdadeiramente integran a riqueza material), nin máis nin menos co traballo, que non é máis ca manifestación dunha forza natural, da forza de traballo do home”.

valor non é mais co resultado do recoñecemento a prol de certas persoas dun dereito exclusivo ao seu uso, e que representa así simplemente o poder entregado aos propietarios para demandar unha parte da riqueza producida por aqueles que as utilizan ... . Por medio de decisións do poder político soberano as débedas poden ser canceladas, os escravos emancipados e a terra reasumida coma propiedade comunal de todo o pobo, sen que a riqueza agregada se vexa diminuída polo valor dun po de rapé, pois o que algúns perderían outros deberían ganalo<sup>27</sup>”.

Examinando coidadosamente as definicións cambiantes de riqueza na economía, George condena categoricamente a Say, Mill e a escola austríaca de economía por destruíren a noción de valor de uso e definir completamente a riqueza en termos de valor de cambio. Argumentaba ca riqueza producida era esencialmente o resultado do “esfuerzo excesivo imprimido sobre a materia”, e que estaba asociado cos valores de uso producíbeis. O valor proviña do traballo. Coma Marx, botou man dos principios básicos do materialismo grego (moi eloxiados por Epicuro e Lucrecio), sostendo a opinión de que nada pode ser creado soamente polo traballo; “nada pode provir da nada<sup>28</sup>”.

Outros disidentes económicos desafiaron tamén o estreito enfoque económico ortodoxo da riqueza. Veblen mantivo ca principal idea chave da economía capitalista baixo o réxime da propiedade absentista era o secuestro da riqueza pública para o beneficio privado. Chamandolle a isto o “plan americano” porque tiña “sido ideado máis consistente e extensivamente” nos Estados Unidos “que en ningunha outra parte”, referíase a el, en termos parecidos aos de Lauderdale, como “unha práctica instalada de converteren toda a riqueza pública en ganancia privada sobre a base dun plan de secuestro legalizado”, distinguido nomeadamente polo “secuestro da terra fértil e a súa conversión en ganancia privada”. O mesmo sistema rapaz tivo as súas etapas de formación nos EEUU, na escravitude e na “depravación e homicidio carrexado sobre a poboación india do país<sup>29</sup>”.

Soddy, o ganador do Premio Nóbel de química en 1921, foi un importante precursor da economía ecolóxica. Era un admirador de Marx, argumentando que constituía un erro común pensar que Marx vira a fonte de toda a riqueza coma traballo humano. Marx, sostivo Soddy, seguira a Petty e á tradición clásica na busca do traballo coma o pai da riqueza e a terra coma a súa nai<sup>30</sup>. A xenerosidade da natureza era parte da “riqueza xeral” do mundo. Revivindo o Paradoxo de Lauderdale, na súa crítica da corrente dominante na

27 Henry George, *Progreso e Miseria* (New York: Modern Library, sen copyright, publicado en 1879), 39-40.

28 Henry George, *Obras Completas* (New York: Doubleday, 1904), vol. 6, 121-28, 158, 212-25, 242, 272-76, 292, e *Un Filósofo Perplexo*, 51-61; Marx, *O Capital*, vol. 1, 323.

29 Thorstein Veblen, *Propiedade Absentista* (New York: Augustus M. Kelley, 1923), 168-70.

30 Frederick Soddy, *Riqueza, Riqueza Virtual e Débeda* (Londres: Allen and Unwin, 1933), 73-74.

economía, sinalaba que “a confusión penetra incluso no intento dos primeiros economistas [clásicos] ao definiren ... a “riqueza”, aínda co moderno economista [neoclásico] pareza moito máis cauteloso que un paxaro para definiren iso. Así nos atopamos con que a riqueza consiste, digamos, dos requisitos que posibilitan a vida, ou algo polo estilo igualmente inequívoco e aceptábel, mais, si fose dunha abundancia ilimitada, como a luz do sol ou o oxixeno da auga, entón xa non constitúe riqueza no senso económico do termo, aínda que sen eles os requisitos para a vida serían imposíbeis”.

Nisto, escribiu Soddy, “o economista, ignorante dos principios científicos da vida, non chegou a ningunha concepción de riqueza”, nin aportou pensamento ningún sobre os custos para a natureza e a sociedade, derivados da degradación do medio ambiente<sup>31</sup>. Volvendo sobre o retorcido tratamento por parte de Mill do Paradoxo de Lauderdale, Soddy referiu ás “inversións curiosas” dos que, baseados en facer ao intercambio nos mercados o criterio único do valor/riqueza, pensaban que a creación de escaseza en relación cos alimentos, os combustíbeis, o ar, etcétera, facían á humanidade máis rica. O resultado era que “o economista ensartouse a si propio nos cornos dun dilema moi perigoso<sup>32</sup>”.

Malia ás críticas devastadoras provenientes da economía inxenua, porén a tradición neoclásica dominante afastouse ininterrompidamente de calquera concepto de riqueza pública/social, excluindo por completo a cuestión dos custos sociais (e naturais) dentro do corpo principal da súa análise. Así, o economista ecolóxico K. William Kapp explicaba no seu fito de 1950, *Custos Sociais da Empresa Privada*, que malia a introdución dun análogo importante para a tradición ortodoxa, coa publicación da *Economía do Benestar* de Pigou, mantíñase coma verdadeiro que a “análise dos custos sociais non é seguido dentro do corpo principal da teoría de valor e do prezo senón coma un sistema separado da denominada economía do benestar”. Kapp rastrexou o xurdimento de toda a problemática sobre a riqueza social/custos sociais en ninguén mais ca Lauderdale, mentres que vía en Marx un dos críticos máis devastadores do espolio da terra polo capitalismo<sup>33</sup>.

## O Retorno ao Paradoxo de Lauderdale

Hoxe, o paradoxo de Lauderdale é aínda máis significativo que cando se formulou orixinalmente no século XIX. A escaseza de auga, a polución do ar, a fame mundial, as escasezas crecentes de combustíbeis e o quecemento da terra constitúen agora realidades globais dominantes. Ademais, están sempre presentes os intentos dentro do sistema para expandiren as riquezas privadas explotando estas escasezas, coma por

31 Frederick Soddy, *Economía Cartesiana* (Londres: Hendersons, 1922), 15-16; Soddy, *Materia e Enerxía* (New York: Henry Holt and Company, 1912), 34-36.

32 Soddy, *Riqueza, Riqueza Virtual e Débeda*, 63-64.

33 K. William Kapp, *Custos Sociais da Empresa Privada* (New York: Schocken, 1971), 8, 29, 34-36, 231.

Soddy escribiu que “o economista ignorante dos principios científicos da vida, non chegou a ningunha concepción de riqueza” nin aportou pensamento ningún sobre os custos para a natureza e a sociedade, derivados da degradación do medio ambiente. ... [referiu] as “inversións curiosas” dos que ... facían do intercambio nos mercados o criterio único de valor/riqueza, e pensaban que a creación de escaseza ... facían á humanidade máis rica.

exemplo o pulo mundial cara a privatización do auga. Por iso, o destacado economista ecolóxico Herman Daly falou do “*Retorno do Paradoxo de Lauderdale*”, esta vez como unha vinganza<sup>34</sup>.

As contradicións ecolóxicas da economía aceptada fanse máis evidentes na súa incapacidade para dar resposta á crise medio ambiental planetaria. Isto maniféstase tanto nos fracasos repetidos cara aprehender a dimensión do perigo ao que nos enfrontamos, como na acumulación estreita das estratexias ofrecidas para resolvelo. O primeiro pode verse na inxenuidade asombrosa dos principais economistas ortodoxos, mesmo os especializados nas cuestións medio ambientais, e que proveñen dunha contabilización que mide os valores de cambio mais exclúe en grande medida os valores de uso, isto é, as cuestións da natureza e da riqueza pública. Así Nordhaus foi citado en 1991 pola revista *Science* ao manifestar: “*A agricultura, a parte da economía que é máis sensíbel ao cambio climático, significa simplemente o 3% do produto nacional. Isto quer dicir que non existen medios para alcanzar uns efectos moi grandes na economía dos EEUU*” simplemente por medio da interrupción da agricultura. Segundo este punto de vista, a interrupción da agricultura nos EEUU debería ter pouco impacto na economía coma un todo!. Obviamente, isto non é unha contradición da natureza senón da economía capitalista, asociada a súa incapacidade para ter en conta as realidades materiais. O economista de Oxford Wilfred Beckerman presentaba a mesma visión miope no seu libro *O Pequeno é Estúpido* (1995), reclamando que “*incluso se a produción neta da agricultura [dos EEUU] caese nun 50 por cento a finais do século vindeiro isto significaría soamente un recorte do 1,5 por cento do PNB*”. Isto levábo a concluíren noutra parte que o quecemento global nunha situación de actividade empresarial como a existente, como normal, como se non pasase nada, tería un efecto “desprezábel” sobre a produción mundial. Asemade, Thomas Schelling, ganador do Premio Nóbel de Economía, escribiu en *Foreign Affairs* [Asuntos Exteriores] en 1997 que a “*agricultura [no mundo desenvolvido] é practicamente o único sector da economía afectado polo clima e contribúe á renda nacional nunha porcentaxe moi cativa, o 3 por cento dos EEUU. Se a produtividade da agricultura se reducira drasticamente polo cambio climático, o custo de vida podería elevarse nun 1 ou 2 por cento, e só nun momento do tempo no que a renda per cápita se tería dobrado probabelmente*”<sup>35</sup>.

A suposición subxacente aquí, de que a agricultura é

34 Herman E. Daly, ‘O Retorno do Paradoxo de Lauderdale’, *Economía Ecolóxica* 25 (1998): 21-23, e *Economía Ecolóxica e Desenvolvemento Sustentábel* (Cheltenham, UK: Edward Elgar, 2007), 105-06; Herman E. Daly e John B. Cobb, Jr., *Polo Ben Común* (Boston: Beacon Press, 1994), 147-48.

35 Nordhaus citado en ‘O Xurado da Academia dividido sobre a Adaptación dos Gases de Efecto Invernadeiro’ de Leslie Roberts, *Science* 253 (13 de setembro de 1991): 106; Wilfred Beckerman, *O Pequeno é Estúpido* (Londres: Duckworth, 1995), 91; ‘O Medio Ambiente coma unha Mercadería’, *Nature* 357 (4 de xuño de 1992): 371-72; Thomas C. Schelling, ‘O Custo de Combatiren o Quecemento Global’, *Asuntos Exteriores* (novembro/décembro de 1997): 8-9; Daly, *Economía Ecolóxica e Desenvolvemento Sustentábel*, 188-90.

a única parte da economía que é sensíbel ao cambio climático, é, obviamente falsa. Porén, o que resulta de certo extraordinario nestas visións é que a cegueira dos economistas neoclásicos máis importantes evítalles, de feito, que incluso un raio de sentido común se abra paso entre eles. A medida do PIB serve para todo malia o feito de que tal medida concirne en exclusiva ao valor engadido económico, e non coa esfera total da existencia material. Non existe aquí a comprensión da produción coma un sistema, que implica á natureza (e á humanidade), fóra da contabilidade da renda nacional. Aínda así, os puntos de vista mencionados son asombrosamente inxenuos, fallando en darse conta en que a diminución do 50 por cento da produción agrícola debería ter, necesariamente, un impacto extraordinario no prezo da alimentación!. Actualmente, co “*isumani de fame varrendo o mundo*”, e con, polo menos, 1000 millóns de persoas en todo o mundo carecendo de acceso certo á alimentación, estas declaracións realizadas fai tan só unha década polos máis importantes economistas medio ambientais da corrente dominante, parecen criminais na súa ignorancia<sup>36</sup>.

A mesma contabilización deformada, sinalando a uns “*impactos proxectados modestos*” sobre a economía polo quecemento global, levaron a Nordhaus en 1993 a clasificar o cambio climático coma “*un asunto de segunda importancia*” e a suxeriren que “*a conclusión que provén da maioría dos estudos económicos é a de impor restricións modestas, recoller as nosas ferramentas, e concentrámonos nos problemas máis apremantes*”. Aínda que admitira cos científicos estaban preocupados respecto da catástrofe medio ambiental en curso asociada coas tendencias correntes, os puntos de vista da maioría dos economistas era máis “*optimista*”<sup>37</sup>.

Nada disto debería de nos sorprenden. Coma é ben coñecido, a orientación xeral do capitalismo en relación co benestar público é unha caste de economía *trickle-down* [de goteo; efecto de filtración da riqueza desde as capas sociais máis altas até as máis baixas] na que os recursos e o traballo humano son explotados intensivamente cara xerar una opulencia incalculábel da capa superior da sociedade. Isto xustifícase coa falsa promesa de que unha parte desta riqueza, eventualmente, goteará cara os situados embaixo. De maneira semellante, as promesas ecolóxicas do sistema deberían denominarse “*ecoloxía de goteo*”. Dísenos así que tolerando unha acumulación sen límites, o medio ambiente verase mellorado a través dunha eficiencia cada vez maior; unha caste de efecto secundario. A penas se menciona o feito de que a célebre eficiencia do sistema sexa dunha clase moi restrinxida e destrutiva.

Unha peculiaridade do capitalismo, salientada polo Paradoxo de Lauderdale, é que se alimenta da esca-

36 Fred Magdoff e Brian Tokar, ‘Agricultura e Alimentos en Crise’ *Monthly Review* 61, nº 3 (xullo-agosto 2009), 1-3.

37 William D. Nordhaus, ‘Reflexións sobre a Economía do Cambio Climático’, *Revista de Perspectivas Económicas* 7, nº 4 (Outono 1993): 22-23.

*As contradicións ecolóxicas da economía aceptada fanse máis evidentes na súa incapacidade para dar resposta á crise medio ambiental planetaria. Isto maniféstase tanto nos fracasos repetidos cara aprehender a dimensión do perigo ao que nos enfrontamos, como na acumulación estreita das estratexias ofrecidas para resolvelo. O primeiro pode verse na inxenuidade asombrosa dos principais economistas ortodoxos, mesmo os especializados nas cuestións medio ambientais.*

seza. Por iso, nada é máis perigoso para o capitalismo como sistema ca abundancia. E así os desperdicios e a destrución son racionais para o sistema. Aínda que a miúdo sexa suposto cos custes medio ambientais crecentes restrinxirán o crecemento económico, o feito é que eses custos continúan a se *externalizar* no capitalismo sobre a natureza (e a sociedade) coma un todo. De xeito perverso, isto prové de novas posibilidades de beneficios privados a través dunha *mercantilización* selectiva de certas partes da natureza (a riqueza pública).

Todo isto sinala o feito da non existencia de ningún mecanismo de retroacción real desde os custes ecolóxicos en ascenso á crise económica, coma se supón frecuentemente, que podería ser tomado en conta cara comprobar a destrución polo capitalismo das condicións biosféricas da civilización e da vida mesma. Pola lóxica perversa do sistema, industrias e mercados enteira-mente novos están sendo despregados co obxectivo de se beneficiar da destrución planetaria, coma resulta ser o caso da industria de xestión de residuos e o comercio de emisións de CO<sub>2</sub>. Estes novos mercados se xustifican cara ofrecer “solucións” parciais, *ad hoc*, aos problemas xerados, sen cesar, polas leis de movemento do capital<sup>38</sup>.

De facto, o medre da escaseza natural vese coma unha oportunidade de ouro sobre a cal afondar na privatización dos bens colectivos mundiais. Esta traxedia da privatización dos bens comúns só consegue acelerar a destrución do medio ambiente natural, ao ampliaren e estenderen o sistema que se carga sobre del. Isto ilústrase moi ben pola rápida privatización do auga potábel, que agora vese coma un novo mega-mercado para a acumulación global. O esgotamento e contaminación do auga potábel diminúe a riqueza pública, creando oportunidades de investimento para o capital, mentres cos beneficios realizados da venda dun auga progresivamente escasa rexístranse coma achegamento, coma aporte ao ingreso e á riqueza. Por tanto, non resulta sorprendente que a Comisión da ONU sobre o Desenvolvemento Sustentábel propuxera, na conferencia de París de 1998, cos gobernos deberían pór mans a obra cara “grandes corporacións multinacionais” para abordaren as cuestións derivadas da escaseza de auga, establecendo “mercados abertos” de dereitos de captación de auga. Gérard Mestrallet, Director Executivo do xigante global do auga, Suez, declaraba abertamente: “*A auga é un produto eficiente. É un produto que en condicións de normalidade debería ser libre, e o noso traballo é vendela. Mais é un produto que é absolutamente necesario para a vida*”. Máis adiante comentou: “*¿onde se non [mais que na monopolización para a ganancia privada dos recursos de auga progresivamente escasos] pode atopar vostede un negocio*

*que é totalmente internacional, onde os prezos e os volumes, a diferenza do que acontece co aceiro, raras veces diminúen.*<sup>39</sup>”.

Non é só a auga quen ofrece novas oportunidades para beneficiarse da súa escaseza. Tamén este é o caso respecto dos combustíbeis e a alimentación. As escasezas crecentes de combustíbeis, de maneira ca demanda mundial de petróleo superou unha oferta que está alcanzando o seu máximo, conduciu a un incremento dos prezos dos combustíbeis fósiles e da enerxía en xeral, e a unha mudanza global na agricultura desde o cultivo para a alimentación a cultivos con fins enerxéticos. Isto xerou un apoxeo do mercado de agro-combustíbeis (facilitado polos gobernos coa xustificación da súa preocupación pola “seguraza nacional”). O resultado ten sido unha maior escaseza de alimentos, inducindo unha espiral ascendente dos prezos dos alimentos e o disparar da fame mundial. Os especuladores viron isto coma unha oportunidade para facerse máis ricos máis rapidamente por medio da monopolización dos recursos da terra e das mercadorías básicas<sup>40</sup>.

Cuestións semellantes xorden en relación cos esquemas de comercio de dereitos de emisión de CO<sub>2</sub>, dirixidos en aparencia á promoción de beneficios mentres se reducen as emisións. Tais esquemas seguen cara adiante, malia o feito de que os experimentos en relación con isto até o de agora teñan sido un fracaso na redución das emisións. Nesto, a expansión de capital trunfa sobre o interese público real de protexeren as condicións indispensábeis da vida. En todos os tempos, os círculos das clases dirixentes actúan para previr un cambio estrutural radical nesta coma noutras áreas, posto que calquera transformación substancial nas relacións sociais-medio ambientais significaría desafiar a rutina da produción por si, e o lanzamento dunha revolución ecolóxico-cultural.

Por suposto, do punto de vista da acumulación de capital, o quecemento global e a *desertificación* son bendicións disfrazadas [non hai ben que por mal non veña] que incrementan as posibilidades de expandiren as riquezas privadas. Condúcesenos así de regreso á pregunta de Lauderdale: “*Qué opinión*”, preguntaba, “*debería albergarse da comprensión dun home, que, como maneira de incrementar a riqueza de ... un país propuxera a creación dunha escaseza de auga, cuxa abundancia foi merecidamente considerada un dos máis grandes beneficios incidente na comunidade? É certo, porén, que semellante proxectista tería éxito, desta maneira, en incrementar a masa das riquezas individuais*”<sup>41</sup>.

Por suposto, numerosos críticos ecoloxistas intentaron ocuparse das contradicións asociadas coa de-

*De facto, o medre da escaseza natural vese coma unha oportunidade de ouro sobre a cal afondar na privatización dos bens colectivos mundiais. Esta traxedia da privatización dos bens comúns só consegue acelerar a destrución do medio ambiente natural, ao ampliaren e estenderen o sistema que se carga sobre del. Isto ilústrase moi ben pola rápida privatización do auga potábel, que agora vese coma un novo mega-mercado para a acumulación global.*

38 O argumento de que existe un mecanismo de retro-alimentación se coñece na análise ecoloxista marxista como “a segunda contradición do capitalismo”. Ver James O'Connor, *Causas Naturais* (New York; Guilford, 1998). Para unha crítica ver Foster, *A Revolución Ecolóxica*, 201-12.

39 Maude Barlow e Tony Clarke, *Ouro Azul* (New York: New Press, 2002), 88, 93, 105.

40 Fed Magdoff ‘Crise Alimentar Mundial’, *Monthly Review* 60, nº 1 (maio 2008): 1-15.

41 Lauderdale, *Pescuda sobre a Natureza e Orixe da Riqueza Pública*, 41-42.

preciación da natureza deseñando novos sistemas de contabilización verde que incluírían as perdas do “*capital natural*”<sup>42</sup>. Aínda que estes intentos son importantes ao salientaren a irracionalidade do sistema, tropezan coa dura realidade de que o sistema actual de contabilidade nacional *reflicte exactamente as realidades capitalistas* de non valoración/subvaloración dos axentes naturais (incluíndo a mesma forza de traballo humana). Para alterar isto, é preciso transcenderen o sistema. A forma dominante de valoración, nos nosos tempos de crise ecolóxica global, é un reflexo real do modo capitalista de degradación medio ambiental e social, provocada para se beneficiar da destrución do planeta.

Na crítica de Marx, o valor era imaxinado como unha forma alienada da riqueza<sup>43</sup>. A riqueza real procedía da natureza e da forza de traballo e estaba asociada co cumprimento das necesidades humanas xenuínas. Por suposto, escribiu Marx que “*sería equivocado dicir co traballo que produce valores de uso é a única fonte da riqueza producida por el, isto é, da riqueza material ... . O valor de uso abrangue sempre un elemento natural ... . O traballo é a condición natural da existencia humana, unha condición de intercambio material [metabolismo] entre o home e a natureza*”. Desde este punto de vista, o paradoxo de Lauderdale non era un simple enigma da análise económica, senón mais ben a contradición suprema dun sistema que, como Marx salientou, desenvólviase soamente “*socavando as fontes orixinais de toda riqueza, a terra e o traballador*”<sup>44</sup> (44).



42 Sobre a contabilidade verde, ver Andrew John Brennan, 'Fundamentos Teóricos dos Indicadores de Benestar Sustentábel Económico', *Economía Ecolóxica* 67 (2008):1-19; Daly e Cobb, *Polo Ben Común*, 443-507.

43 Burkett, *Marx e a Natureza*, 82-84.

44 Marx, *Contribución á Crítica da Economía Política*, 36, e *O Capital*, vol.1, 638.

# CPN

Cadernos de  
Pensamento  
Nacionalista

